

Elementos para unha revisión textual das cantigas trobadorescas: sobre a segmentación de <o> e <a>

Manuel Ferreiro

Universidade da Coruña

manuel.ferreiro@udc.es

Recibido o 28/10/2013. Aceptado o 12/03/2014

Segmenting <o> and <a>. Notes on a revised edition of troubadour lyric texts in Galician-Portuguese

Resumo

A frecuente aparición da terminación <-a> e <-o> (ás veces elemento inicial) en numerosas unidades lingüísticas é un feito que multiplica as posibilidades segmentativo-interpretativas de tales vogais finais (ou iniciais), pola polivalencia destes elementos, xa que combinan as funcións de artigo e de pronomne en función de complemento directo, para alén de <a> poder ser tamén preposición (*a*), forma verbal (*á*), contracción da preposición *a* co artigo feminino (*à*) e, mesmo, prefijo (*a-*).

Partindo da importancia que o proceso de segmentación ten para o establecemento do texto crítico medieval, e tendo en conta os factores condicionantes e mais certo carácter de subxectividade desta operación ecdótica, neste artigo faise unha revisión do corpus da poesía trobadoresca profana para levantar múltiplos problemas existentes na segmentación das secuencias <a> e <o> nas edicións de referencia.

Deste modo, a partir da revisión dos manuscritos e do confronto coas principais edicións existentes, son moi numerosas as propostas de rectificación textual no corpus lírico medieval galego-portugués que se fan a partir dunha perspectiva segmentativa.

Palabras clave

Segmentación textual, terminación -o/-a, trobadorismo, galego-portugués

Sumario

1. Segmentación e artigo. 2. A segmentación dos clíticos *o*, *a*. 3. A preposición *a* e os condicionamentos lingüísticos do texto. 4. A forma verbal *á* como necesaria presenza de *aver*. 5. O elemento <a> como prefijo. 6. Conclusiós.

Abstract

The frequent occurrence of the (sometimes fronted) desinence <-a> and <-o> in numerous linguistic elements of Galician-Portuguese increases the interpretative potential of these vowels, which may vary in function in their segmented forms, occurring as articles or pronouns depending on the direct object in each case. The particle <a> may, in addition, occur as a preposition (*a*), a verb form (*á*), the contracted prepositional form of the feminine article (*à*) or even a prefix (*a-*).

The correct analysis of segmentation processes within the text is central to creating a reliable, critical edition of the manuscripts. Taking into account the constraints upon editors and the inevitable subjectivity of textual criticism, this article re-examines the existing corpus of secular troubadour poetry to highlight some of the issues and errors present in the most important editions of these texts in relation to the segmentation of <a> and <o> sequences.

Based on the differences observed between the manuscripts and their standard edited versions when reanalysed from the point of view of sequence segmentation, it seems clear that a great number of textual corrections may be required in the corpus of medieval Galician-Portuguese lyric poetry.

Keywords

Text segmentation, -o/-a desinence, troubadour poetry, Galician-Portuguese

Contents

1. Segmenting articles.
2. Segmenting clitics *o* and *a*.
3. Preposition *a* and linguistic constraints within the text.
4. Verbal *á* as a necessary form of the verb *aver*.
5. Particle <a> as a prefix.
6. Conclusions.

Este traballo inscríbese no proxecto de investigación *Glosario crítico da poesía medieval galego-portuguesa* (FFI2009-08917 e FFI2012-32801), subsidiado polo "Ministerio de Ciencia y Tecnología" e o "Ministerio de Economía y Competitividad", a través da "Subdirección General de Proyectos de Investigación".

Como xa afirmamos noutro traballo, a segmentación de unidades lingüísticas no texto “é un dos más inmediatos e importantes problemas que se levantan cando o editor se confronta co texto medieval e, de modo particular, cos textos da poesía trobadoresca galego-portuguesa” (Ferreiro: no prelo); así mesmo, lembreamos que a segmentación e, en xeral, o proceso de edición dos textos poéticos está condicionado polo factor lingüístico (a corrección gramatical e a coherencia semántica) e mais pola métrica, tendo sempre en conta que existe un alto grao de subxectividade nos procesos segmentativos das cadeas gráficas medievais¹. E é precisamente a constante aparición de <-a> e <-o> en numerosas voces o que multiplica as posibilidades segmentativo-interpretativas de tales vogais finais, pois estes elementos poden ter moi diversas funcións: artigo e pronom O. D., para alén de <a> ser tamén preposición, forma verbal (á), contracción de prep. a e art. feminino (à) e, mesmo, prefijo.

Trátase, pois, da delimitación destas unidades naqueles casos en que, na cadea lingüística, existe crase fonética de *o* ou *a*, sexa cal for a súa función, co vocábulo anterior. Os principais manuscritos que transmitiron os textos líricos galego-portugueses parecen comportarse de modo diverso. Eis, como mostra, a práctica segmentativa (ou a súa ausencia) en diversas pasaxes (aleatorias) de ABV, correspondentes a fragmentos e copistas diferentes²: *se end'a vós prouquer* <end a> A, <enda> B (66.31 [A3/B93]); *dereit'á de trist'andar* <dereit a de> A, <derey ta de> B; *non lh'á mestor* <non lla mest'> A, <nonlhamester> B; *end'o poder* <end o poder> A, <endo poder> B (68.2, 4 e 26 [A5/B95]); *todo vo'-eu cuid'a sofrer* <cuyd a> A, <cuya> B (75.r1 [A12/B102]); *ja que m'end'a partir ei* <m end a> A, <mëda> B (81.8 [A15/B108]); *atal ést'o meu sén* <el't o meu> A, <el't omeu> B (86.2 [A20/B113]); *como mi a tort'á desamor* <tort a> A, <torta> B (95.3 [A29/B122]); *grav'oj'a mí* <grauoiami> A, <grauoiamj> B, <grauoiami> V (365.1 [A224/B395/V5]); *Quant'á, senhor, que m'eu quitei* <Quanta> BV (365.1 [B397/V7]); *nunca me valh'a min Nostro Senhor* <ualla> A, <ualha> BV (370.4 [A227/B402/V12]; *tod'á perdu'd'*, ... <tod a> A, <toda> BV (414.14 [A255/B842/V428]); *e vos dix'o grand'amor* <dix o> A, <dixo> BV (417.3 [A258/B435/V47]); *gradesc'a Deus que me faz a maior* <[G]radelc a deus> A, <Gradelcade9> B, <gradescade9> V (419.r1 [A260/B437/V49]); *das coitas do mundo sempr'a maior* <sempr / a> A, <seupra> B, <seupr'a> V (421.3 [A262/B439/V51]); *a vó-lo devo muit'a gradecer* <muit a> A, <muyta> B, <muyta> V; *foi, e do mal, muit'á, sen meu prazer* <muit a> A, <muyta> BV; *a vós devén mui bon grad'a pôer* <grand a> A, <gñda> BV (422.3, 14 e 15 [A263/B440/V52]); *como vai cervo lançad'a fugir* <lançada> B, <lanzada> V (857.21 [B861/V447]); *e dig'a mí, ...* <dig a mi> A, <digamj> B, <diga> V (981.15 [A288/B979/V566]); *non sab'o mal que m'ela faz aver* <fab o / mal> A, <fabo mal> B, <sabo mal> V (997.r1 [A293/B993^{bis}/V582]); *Non ést'a de Nogueira* <esta de> A, <esta de> B, <est a de> V (1235.1 [A282/B1219/V824]); *Deus, com'á bon semelhar!* <com a> A, <coma> B, <comha> V (1236.8 [A283/B1220/V825]) etc.

Aínda á espera dun necesario estudo sistemático e exhaustivo, do punto de vista paleográfico, dos cancioneiros en relación coa segmentación, estas mostras revelan como, en xeral, o Cancioneiro da Ajuda tende a isolar elementos como o artigo, a preposición *a* ou a forma verbal *á*, disociándoos da unidade gráfica precedente. Polo contrario, no Cancioneiro da Biblioteca Nacional e mais no da Vaticana tales elementos aparecen, maioritariamente, formando parte dun

¹ Para un achegamento ás cuestiós xeradas pola segmentación no proceso de edición da lírica galego-portuguesa, remítimos ao traballo citado, onde se realiza unha aproximación xeral aos problemas levantados por este proceso editorial, así como os factores condicionantes e as consecuencias que este ten para a fixación textual das cantigas profanas galego-portuguesas.

² Para as referencias ás cantigas da poesía profana, utilizamos o sistema de Jean Marie D'Heur (1975: 10-93), coas correccións achegadas por Montero Santalla (2000: 55-101), xunto coa numeración do *Repertorio métrico* de Tavani (1967), seguido do nome abreviado do trobador, tamén establecido polo mesmo estudos, e das referencias convencionais dos manuscritos; nas referencias breves é utilizada simplemente a numeración d'heuriana seguida do número de verso (ás veces seguida tamén da referencia aos manuscritos). Os criterios de edición utilizados son os propostos en Ferreiro / Martínez Pereiro / Tato Fontainha (2007).

Para a lectura dos manuscritos, servímonos das edicións facsimilares dos cancioneiros: A = *Cancioneiro da Ajuda. Edição Facsimilada do códice existente na Biblioteca da Ajuda*. Lisboa: Ediciones Távola Redonda, 1994; B = *Cancioneiro da Biblioteca Nacional (Colocci-Branicuti)*. Cód. 10991. Lisboa: Biblioteca Nacional / Imprensa Nacional-Casa da Moeda, 1982; V = *Cancioneiro Portugués da Biblioteca Vaticana (Cod. 4803)*. Lisboa: Centro de Estudos Filológicos / Instituto de Alta Cultura, 1973; T = Sharer, Harvey L. (1991): “Fragmento de Sete Cantigas d'Amor de D. Dinis, Musicadas – uma Descoberta”, en *Actas do IV Congresso da Associação Hispânica de Literatura Medieval*, vol. I. Lisboa: Ediciones Cosmos, 13-29.

conglomerado gráfico cuxos constituíntes deben ser “identificados” no proceso de edición, sen que perciba un comportamento especialmente diferente a respecto desta cuestión nos diversos copistas dos apógrafos italianos (vid. Ramos 1988 e 2005, Ferrari 1979).

1. SEGMENTACIÓN E ARTIGO

Dada a frecuencia da terminación en *-o* ou *-a* de múltiplos vocábulos, en moitas ocasións o elemento implicado nun eventual proceso de segmentación é o artigo, circunstancia que favorece a posibilidade de isolarmos este determinante en numerosos contextos. Repárese, simplemente, en secuencias, certamente recorrentes, do tipo *atendendo meu amigo*³ ou en *quando meu amigo*, que permitirían tal segmentación, aínda que a tendencia xeral é evitala por canto no corpus profano é amplamente maioritaria a ausencia de artigo nas construíóns con posesivo (c. 67.5% vs. 32.5%)⁴, de xeito que talvez serían aconsellábeis leccións do tipo *Non sei como me salva mia senhor*, sen segmentar o artigo en *salva* (**salv'a*), a diferenza do que acontece na edición realizada por Elsa Gonçalves (1991: 22-34) da coñecida cantiga de Don Denis (527 / 25.53 Den [B529/V112/T6], v. 1). Con todo, é certo que só un exhaustivo estudio das construíóns posesivas a partir de secuencias unívocas poderá deitar datos definitivos para unha actuación editorial criteriosa nestes contextos.

Un problema semellante é levantado por interpretacións do tipo *fez o voss' amor*, presente en tres composicións (138 / 97,14 MartSrz [A51/B163], v. 8; 190 / 125,51 PGarBu [A97/B204], v. 15; e 893 / 155,12 VaRdzCal [A299], v. 10), que facilmente poderían ser lidas como *fezo voss' amor*, con obvias repercusións morfolóxicas na P3 do pretérito (forte) de *fazer*: para além da convivencia *fez ~ fezo* nos textos medievais, similar construcción tamén se rexistra sen artigo (*faz voss' amor*) na cantiga 190 / 125,51 PGarBu [A97/B204], v. 2, aínda que, por outra banda, a sistemática aparición da lección <*fez o*>, con separación gráfica dos dous elementos en todos os manuscritos, desaconsella tal opción; sirvan de mostra, tamén, *assi me ten forçado voss' amor* (Nunes 1972: 271) vs. *assi me ten forçad' o voss' amor* (Finazzi-Agrò 1979: 71) en 855.4, ou, outrosí, *quis o meu... vs. quiso meu...* en diversas pasaxes (226.11, 561.23, 1216.r3). Expoñemos estes casos, entre outros posíbeis, para mostrar o nivel de dúvida e de inevitábel ambigüidade de moitos contextos no que á segmentación do artigo di respecto.

Fronte a estes e outros pasos similares en que a presenza ou ausencia de artigo ten (relativa) importancia lingüística, mais non afecta de maneira transcendente á semántica da cantiga, poderíanse aducir outros contextos con diversas posibilidades segmentativas que, en diferente medida, condicionan o texto a respecto da expresión da determinación. Fixémonos, por exemplo, no refrán da cantiga 1590 / 2,12 AfEaCot [B1580/V1112], tradicionalmente editado, en liña coa escrita dos manuscritos (<*o caiõ*> BV), como *porque matou sa vaca o cajon*; no entanto, neste caso deberá ser considerada tamén a fixación textual da variante *ocajon*, sen artigo, á vista da forma *aqueijon* que aparece no refrán da terceira estrofa da composición de Coton (<*aqueyio*> B, <*aqueyiõ*> V); ou, por pór outro caso de posíbel segmentación do artigo que tería certamente importancia na interpretación textual, véxase, nun escarnio de Estevan da Guarda, o adjetivo *certa*, que aparece en tres contextos moi semellantes: *certa resposta lhi devedes dar*, v. 6; *certa resposta deve a levar*, v. 12; *certa resposta, sen ja más coidar*, v. 20 (vid. Lapa 1970: 189, Pagani 1971: 144, Lopes 2002: 513). Tal como se desenvolve a cantiga, podería ser admisíbel unha segmentación *cert' a resposta*, de modo que *certa* pasaría a ser un adjetivo cualificativo en lugar de pronomne indefinido. Eis, para exemplificación, a primeira estrofa da cantiga:

³ Ademais da eventual segmentación de *ende* no refrán de Meendinho: *atend' end' o* (vid. Ferreiro 2007: 63).

⁴ O cómputo da construcción (artigo) + posesivo + nome foi calculado a partir de todas as ocorrencias das formas posesivas no corpus conforme os datos subministrados polo *Glosario crítico da poesía medieval galego-portuguesa* (vid. nota inicial), após a omisión dos contextos ambiguos (do tipo *atendendo meu amigo*, *salva mia senhor* etc.) e mais daqueloutros en que a presenza ou ausencia do artigo está condicionada por diversos factores: vocativos, posposición do posesivo (*no coração meu*), presenza doutro determinante (*este meu cantar*, *un meu amigo...*), construíóns e locucións fixas sen artigo (*Nostro Senhor, a meu cuidar...*) etc.

1336 / 30,10 EstGuar [B1319/V924], vv. 1-7:

Dizen, señor, que un vosso parente
vos ven fazer de seus servicios conta
e dizer-vos, en maneira de fronta,
que vos serviu come leal servente;
e, se vos el aquesto ven frontar,
certa resposta lhi devedes dar
u dis[ser que vos servio lealmente.

No entanto, para alén deste tipo de segmentación (relativamente) “optativa”, condicionada por decíóns editoriais xustificábeis e, tamén, subxectivas, achamos na compilación editorial da nosa poesía profana medieval (Brea 1996 = LPGP) e más nas edicións de referencia numerosos exemplos de deglutinacións en principio erradas no que se refire ao artigo⁵.

O primeiro grupo de textos que precisan segmentación de artigo presentan a crase deste coa preposición *de* por deslocamento de elementos sintácticos, circunstancia que provoca o encontro do determinante do sintagma que constitúe o O. D. coa preposición *de*, á súa vez dependente do verbo principal. Nunha correcta presentación das cantigas, estes contextos esixen a indicación gráfica de tal feito, o cal incide máis unha vez na importancia dos criterios de edición verbo dos textos medievais trobadorescos e, moi especialmente, nunha criteriosa utilización do apóstrofo⁶:

198 / 125,32 PGarBu [A105/B213], v. 27⁷:

e des que ouv' esta dona poder
d'**o** mui gran ben que lh'eu quero saber,
nunca mi ar quis veer des aquel dia.

267 / 79,37 JSrzCoe [A159], v. 2⁸:

Meus amigos, que sabor averia
d'**a** mui gran coita'n que vivo dizer
en un cantar que querria fazer.

419 / 50,1 FerVelh [A260/B437/V49], v. 8⁹:

E ben tenh'eu que faço gran razon
d'**a** maior coita muit'a Deus gracir.

997 / 155,13 VaRdzCal [A293/B993^{bis}/V582], v. 20¹⁰:

E, meus amigos, non ei eu poder
d'**a** mui gran coit', en que vivo, sofrer.

1376 / 97,22 MartSrz [B1358/V966], v. 4¹¹:

sō[o] mui gran putanheir' aficado
e pago-me muito **d'****os** dados jogar.

⁵ Para a presente revisión editorial partimos da compilación da lírica profana galego-portuguesa dirixida por Mercedes Brea (1996), que funciona como “vulgata” editorial a partir da súa publicación e que aquí é citada coa sigla LPGP seguida do número(s) da(s) páxina(s). Téñase en conta, ademais, que a LPGP de 1996 pode consultarse en versión 2.3.3 na web <http://www.cirp.es> con emendas e novas edicións dos textos.

Ademais, manexamos as restantes edicións de referencia, tanto as de xénero (Michaëlis 1990 [1904], Nunes 1973 [1928], Nunes 1972 [1932], Lapa 1970 [1965], Lopes 2002, Cohen 2003) como as edicións críticas más fiábeis de cancioneiros individuais (con poucas excepcións, todas elas posteriores a 1960).

⁶ Os restantes encontros *d'o/s/d'a/s* que podemos encontrar no corpus profano localízanse en 967.2, 1033.1, 1274.9 e 1570.16, pasaxes en que a edición de referencia da LPGP utiliza unha correcta representación gráfica da crase.

⁷ Cf. *do* en Michaëlis 1990: 217; Blasco 1984: 180 (= LPGP 828), Marcenaro 2012: 274.

⁸ Cf. *da* en Michaëlis 1990: 319 (= LPGP 541).

⁹ Cf. *da* en Michaëlis (1990: 509), *de* en Lanciani (1977: 70 = LPGP 334).

¹⁰ Cf. *da* en Michaëlis 1990: 590 (= LPGP 977).

¹¹ Cf. *dos* en Lapa 1970: 435 (= LPGP 650) e Lopes (2002: 308), *dus* en Bertolucci (1992: 124).

1642 / 120,15 PPon [B1630/V1164], v. 2¹²:

Eu ben cuidava que er' avoleza
d' o cavaleiro mancebo seer
 escasso muit' e de guardar aver.

Un segundo grupo de actuacións editoriais problemáticas no relativo ao artigo afecta a contextos en que semella recomendábel considerar a presenza deste determinante por diversas razóns de tipo lingüístico-expresivo. Nunha cantiga de Calheiros, o indefinido substantivado *al* ('o demais, o restante') esixe a presenza do artigo (cf. *tod(o) al* en Michaëlis 1990: 683 [= LPGP 323]), como mostra o repetido uso de tal construcción na lingua medieval (vid. Mettmann 1972 e Lorenzo 1974, s.v. *al*) e no propio corpus trobadoresco: **o al non lh' é coita, de pran** (263.14); "Façaxo quen faz **o al'**" (456.24); *porque o al non é ren* (535.13); **o al passe como poder passar** (599.20):

33 / 47,22 FerRdzCalh [B59], v. 9:

Pero sempre vos eu servi de grado
 o melhor que eu soubi [i] fazer
 e de **tod' o al** do mundo foi leixado.

A proba de que tal segmentación debe ser feita está nas numerosas ocorrências de *todo o al* que se encontran na documentación tabeliónica ao longo da Idade Media (vid. TMILG, s.v.): *E de todo o al, que fica en esta vila sobredicta, aia Sobrado a meadade per sempre* (doc. 1266); *duas leyras de viñas et un leyra de terreo et un lagar que esta en una das viñas et todolos soutos et todo o al que y avemus* (doc. 1276); *et outrosy para uos dar todo o al que eu ou outro por min ouuer deste anno que anda* (doc. 1320); *Et o concanbeo et permudaçon et todo o al que pelos ditos nossos procuradores ou por cada huun deles feyto for et procurado en estas couosas sobreditas* (doc. 1333); *et o nosso quinon do que y ouver levaredes por vossa custa, o vinno aa nossa adega d'Oleyros et todo o al aa grania d'Anbas Mestas* (doc. 1351); *de todo dezemo de pan τ de millo τ de trigo τ de gāado τ de todo o al que laurardes τ criardes τ gáánardes en qual quer maneyra* (doc. 1367); *Mays damosuos todo o al que hy pertesece ao dito moesteiro* (doc. 1398); *todo o al lles dauan e outorgauan en todos seus dias* (doc. 1421); *todo o al que Deus der enna dita deuefa de Yçā et muyno que seja voso durante o dito foro* (doc. 1474); etc. Tamén se rexistra nas traducións das *Partidas* (vid. CdP, s.v.): *Ca tā nobre & tā santa cousa he esta que todo o al deue seer leixado* (*Primeira Partida*); *& serya tehudo de peytar ao orphão a pēa do dobro & todo o al que lhi o juiz mādar que peyte o entregue* (*Terceira Partida*). Así mesmo, está documentada a solución proposta na prosa historiográfica e literaria (vid. TMILG, s.v.): *Et depoys daquelo [que] y fezo, poso a vila et todo o al en recado muy bem* (trad. da *Crónica Geral*); *et dou lles tā grādes feridas que tallaua a caualeyros os braços et as pernas et todo o al por onde os alcācava* (*Historia Troiana*); *et auja o eixo et o pontil et todo o al de marfil* (*Crónica Troiana*)¹³.

Tamén, e con independencia doutros *loci critici* neste dístico, no segundo verso do pareado introductorio (ou refrán?) da cantiga 1497 de Airas Perez Vuitoron, o suxeito *Papa* semella solicitar o determinante. Na versión de Lapa (1970: 130 [= LPGP 130]), seguida por Lopes (2002: 124), difícilmente podemos considerar *-lo* como o necesario artigo de *Papa*, pois o verso precisa da presenza dun O. D. que nestas propostas editoriais estaría representado por *-lo*:

1497 / 16,1 AiPrzVuit [B1477/V1088], v. 2:

A lealdade da Bezerra pela Beira muito anda;
 ben é que a nostra vendamos, pois que **no-lo** Papa manda.

É por isto que, de acordo con Montero Santalla (2000: 677-679), debemos segmentar de maneira diferente a lección manuscrita, para que a presenza do artigo (e do O. D.) estea asegurada¹⁴:

¹² Cf. do en Lapa 1970: 514 (= LPGP 772), Panunzio (1992: 139), Juárez Blanquer (1988: 186) e Lopes (2002: 363).

¹³ Vid. CdP, s.v., para ocorrências noutros textos como a *Crónica Geral de España de 1344*, a *Demandada do Santo Graal* etc.

¹⁴ Para alén do referido á segmentación do artigo, presentamos unha proposta de lectura do inicio da cantiga de Vuitoron más condicente coa lección manuscrita. Sobre os problemas levantados por este dístico vid. tamén *Locus Criticus* [en liña], nº 6 (1º trimestre 2010).

A lealdade dá Bezerra que pela Beira muito anda:
ben é que a nostra deviámos, pois que no-l' o Papa manda.

Noutras cantigas, o artigo é percibido como necesario para introducir un complemento directo. Así acontece nunha pasaxe da única composición de Rodrig' Eanes d' Alvares (cf. *digo* en Nunes 1973: 299 [= LPGP 883]; mais *dig' o* en Cohen 2003: 341), pois o que o texto nos di non é que o poeta se aproximou á amiga, senón que expresa as noticias que sobre el lle chegaron. Esta interpretación fai necesaria a presenza do artigo, que converte automaticamente *que* nun relativo (na versión tradicional *que* tería de ser interpretado como conxunción completiva):

977 / 139,1 REaAlv [B975/V562], v. 11:

Maravilho-me como non perdeu
o corpo per quantas terras andou
por min ou como non ensandeceu,
por qual vos **dig' o** que a min chegou:
Rodrig' lanes d' Alvares é tal.

Por outra parte, o sentido do refrán dunha cantiga de Joan Zorro, aínda recoñecendo que se rompe o paralelismo das frases exclamativas, inclínanos a segmentar *amigo* en *amig' o* (v. 3), dado que *fazer* está a pedir un O. D. ausente en todas as edicións da obra deste xograr (Nunes 1973: 353, Cunha 1999: 241 [= LPGP 574], Cohen 2003: 394):

1170 / 83,9 JZor [B1158/V760], r3:

Pela ribeira do río salido
trebelhei, madre, con meu amigo:
amor ei migo
—que non ouvesse!—:
fiz por amig' o
que non fezesse!

Tamén semella necesario o artigo como introdutor do O. D. en dúas pezas de Pero Mafaldo; na primeira, o artigo non aparece segmentado en Michaëlis (1990: 847) nin tampouco na edición recollida na compilación de 1996 (Spina 1983: 31 [= LPGP 866]):

333 / 131,8 PMaf [B371], v. 4:

— Senhor, por vós e polo vosso ben,
que vos Deus deu, ven muito mal a mí;
por Deus, señor, fazed' o melhor i.
— Vedes, **amig'**, o que vos farei én:
se vos por mí, meu amigo, ven mal,
pesa-m' ende, mais non farei i al.

A segunda cantiga é recollida na vulgata a partir dunha versión de Beltrán (1993: 29 [= LPGP 867]), coincidente neste punto con Michaëlis (1990: 852) e con Spina (1983: 45), face a Lopes (2002: 431). A continuación da estrofa, como amplificación explicativa do v. 18, precisa do artigo na secuencia <veyo> de B:

336 / 131,9 PMaf [B374], v. 18:

Pois que meu prez nen mia onra non crece
porque me quigi teer à verdade,
vede-lo que farei, par car[i]dade,
pois que **vej' o** que m' as[s]i acaece: / ...

Contextos análogos aparecen en cantigas de Vaasco Fernandez (Nunes 1973: 68 [= LPGP 946-47]), corrixido en Cohen 2003: 122), e de Joan Airas, sen segmentación de artigo en Rodríguez (1980: 274 [= LPGP 386]) e Cohen (2003: 583), fronte a Nunes (1973: 297):

652 / 151,18 VaFdzSend [B637/V238], r2¹⁵:

Quando vos eu, meu amig' e meu ben,
non posso veer, vedes que mi aven:
tenh' olh' e vej' e non posso veer,
meu **amig'**, o que mi possa prazer.

1052 / 63,32 JAI [B1050/V640], v. 4¹⁶:

Ir-vos queredes e non ei poder,
par Deus, amigo, de vos én tolher,
e, se ficardes, vos quero dizer,
meu **amig'**, o que vos por én farei: / ...

E dun modo similar, agora con consecuencias na interpretación da estrofa, na proposta fornecida por Lang no verso *mais que vivendo peior atendesse* (Lang 1972: 18 [= LPGP 187]), onde *peior* aparece ligado lingüística, e significativamente, a *vivendo*; nesta pasaxe debe ser deglutiñado un artigo que permita relacionar *peior* con *atendesse*, tal como no seu momento fixo Nunes (1972: 34):

501 / 25,23 Den [B503/V86], v. 21:

que vos viss'eu, u m' El fez desejar
des enton morte, que mi non quer dar,
mais que, **vivend'**, o peior atendesse.

Similar é o problema que se detecta nunha pasaxe de Afonso X, onde todos os editores precedentes consideran o demostrativo *aquesto* (Lapa 1970: 24 [= LPGP 149], Paredes 2001: 235, Lopes 2002: 72, Paredes 2010: 213):

482 / 18,20 Alf X [B484/V67], v. 27:

... mais muit' ést' **aquesto** peior
que por ti bevo nen que recebi.

Con todo, tendo en conta o contexto é claro que se pode e debe considerar a existencia do artigo para facer aceptábel a expresión lingüística:

Fel e azedo bivistí, Senhor,
por min, mais muit' ést' **aquest'** o peior
que por Ti bevo nen que acebi.

Noutros contextos, aparentes formas demostrativas encobren unha necesaria crase do demostrativo cun artigo que a lingua e a semántica demandan. É este o caso da cantiga 772, de Joan Garcia de Guilhade, xa comentado noutra ocasión (Ferreiro 2010: 244). Na vulgata, que parte da edición de Nobiling (2007: 100 [= LPGP 457]), aparece o seguinte texto (igual que en Nunes 1973: 172, Domingues 1992: 54, e Cohen 2003: 245):

772 / 70,39 JGarGuilh [B755/V358], v. 19:

E **d'** **essa** folia toda
ja çafou!

O significado de *çafar* 'acabar' e o feito de que *folia* sexa o único suxeito posible obrigan a considerar a presenza da forma demostrativa invariábel *esso* en crase co artigo de *folia*:

E **dess'** a folia toda
ja çafou!

E continuando na relación entre demostrativo e artigo, algo moi semellante acontece nunha pasaxe de Joan Baveca (vid. Nunes 1973: 405 e Zilli 1977: 133 [= LPGP 419]):

¹⁵ Na compilación de 1996 modifícase levemente o inicio do primeiro verso do refrán fixado por Nunes: *tenho-lho e vej'...* en lugar de *tenho e vej'*...

¹⁶ A respecto desta segmentación, véxase o diferente comportamento no v. 10 (*direi-vo-lo que vos por én farei*) e no v. 16 (*e direi-vos que vos por én farei*) da mesma cantiga.

1249 / 64,19 JBav [B1233/V838], v. 10:

El quis comprir sempre seu coração
e soub' assy sa fazenda trager
que tod' ome nos podia 'ntender,
e, por **aquestas** guardas, tantas son
*que non ey [eu] poder [de fazer ren
por el, mais esto buscou el mui ben].*

Tal como xa foi establecido en Cohen (2003: 468), *aquestas* debe ser segmentado en *aquest'* *as* para que non haxa problemas interpretativos co demostrativo, que nas anteriores edicións determinaba *guardas*, complicando extraordinariamente a sintaxe:

El quis comprir sempre seu coração
e soub' assi sa fazenda trager
que tod' ome nos podia 'ntender,
e por **aquest' as** guardas tantas son
*que non ei [eu] poder [de fazer ren
por el, mais esto buscou el mui ben].*

Por outra parte, o demostrativo aparece tamén implicado no problema editorial levantado nun verso de Pero Garcia Burgales, onde todos os editores propuxeron a forma *[e]ssa* como solución ecdótica á hipometría versal (Lapa 1970: 555, Blasco 1984: 233 [= LPGP 829], Lopes 2002: 405, Marcenaro 2012: 346):

1391 / 125,34 PGarBu [B1373/V981], v. 12:

se cada que <e>**ssa** touca torcer
se, log' ouverdes quen vus correger
as feyturas, mui ben pareceredes.

Ora ben, introducir unha referencia deíctica a unha *touca* (cunha tmese versal do clítico, moi afastado, ademais, da convención subordinante) aínda non citada na cantiga non parece a mellor solución, que talvez resida na incorporación da copulativa inicial no verso (moitas veces ausente nesta posición nos apógrafos italianos) e mais na segmentación do artigo na secuencia <ffá> B, <sí> V de modo que o clítico se antecipe ao infinitivo:

[e] se cada que **s' a** touca torcer,
se log' ouverdes quen vos corregir
as feyturas, mui ben pareceredes.

Nesta revisión do corpus, localizamos tamén un terceiro grupo de pasaxes en que, ao noso ver, é desnecesaria, mesmo incorrecta, a segmentación dunha forma do artigo que os textos non precisan.

A primeira cuestión fai referencia á variante (minoritaria) *atal* do indefinido *tal*, en textos en que non é posibel a construción deste pronomé con artigo. Tal anomalía lingüístico-editorial aparece en tres pasos que presentan a lección *a tal*¹⁷, debida a Michaëlis no texto de Osoiro Anes (1990: 653 [= LPGP 704]) e a Lang para os textos dionisinos (1972: 13 e 94-95 [= LPGP 216 e 175-176]); tal fixación editorial debe ser emendada¹⁸, como xa fixeron case todas as edicións posteriores (Miranda 2004: 159, Cohen 2010: 23, Marcenaro 2012: 86, Nunes 1972: 60, e Cohen 2003: 632, mais *a tal* en Nunes 1973: 46-47):

14 / 111,3 OsoAn [B40], v. 49:

nen eu non vos poderia
atal coita padecer,
ca per ren non poderia
pois me deit', adormecer.

¹⁷ No TMILG rexístranse numerosos errores nesta mesma liña (*a tal* no canto de *atal*) na prosa tabeliónica, en xeral con textos procedentes de edicións non filolóxicas.

¹⁸ A pesar de ambos editores incluíren nos glosarios a forma *atal*. Vid. Lang 1972: 145, s.v. *atal*, e o *Glossário de Michaëlis* (1990: s.v. *atal*).

495 / 25,84 Den [B497/V80], v. 14:

e fostes vós mui sabedor
d'eu por vós **atal** mort' aver.

612 / 25,1 Den [B595/V198], v. r2:

Ai fals' amig' e sen lealdade,
ora vej' eu a gran falsidade
con que mi vós á gran temp' andastes,
ca d' outra sei eu ja por verdade,
a que vós **atal** pedra lançastes.

Unha outra cuestión que xorde recorrentemente en relación ao artigo é a da súa eventual segmentación cando seguido do posesivo en certas construcións que non precisan obrigatoriamente do determinante no período medieval (vid. *supra*). Vexamos, en primeiro lugar, o sintagma *perço ~ perco meu sén*, así establecido en todas as edicións das cantigas 445 / 157,4 [A280], v. 20 (Michaëlis 1990: 553) e 1091 / 121,10 PArm [B1089/V680], vv. 3 e 8 (Nunes 1972: 460 e Reali 1964: 89), onde semella que a norma medieval, xunto coa grafía <*pço meu*> de A280, impón a ausencia de artigo. Porén, na vulgata aparece co determinante segmentado (*perç' o meu sen* e *perc' o meu sem*) en dúas cantigas de Pero Amigo de Sevilha, en que se segue a edición de Marroni (1968: 241 e 298 [= LPGP 735 e 741])¹⁹, face ao texto establecido, respectivamente, por Nunes (1972: 468) e Lapa (1970: 461):

1097 / 116,5 PAmigo [B1095/V686], v. 2:

Coitado vivo máis de quantos son
no mund', amigos, e **perço** meu sén
por ûa dona que quero gran ben.

1605 / 116,16 PAmigo [B1595/V1127], v. 9:

[E] esta dona de pran á jurado,
meus amigos, por que **perco** meu sén,
que jasca sempre, quand' ouver guisado,
ela con outr'e non dé por min ren.

Outra situación similar xorde nun texto de Roi Paez da Ribela, xa que na edición crítica se produce unha inesperada segmentación (cf. *pres' o seu amor*, Barbieri 1980: 47 [= LPGP 917]), que emenda a proposta, correcta, de Michaëlis (1990: 374), baseada tamén no <*preſo ſeu*> de A:

302 / 147,19 RoiPaezRib [A191/B342], v. 4:

Un dia que vi mia señor
quis-lhe dizer-lo mui gran ben
que lh'eu quer'e como me ten
forcad'e **preso** seu amor.

Análoga segmentación problemática do artigo se detecta tamén por veces en sintagmas deste tipo onde os usos lingüísticos dominantes na Idade Media mostran, de novo, ausencia xeral do determinante. Deste xeito, non é necesaria a segmentación realizada por Michaëlis (vej'a) na súa magna edición do *Cancioneiro da Ajuda* (1990: 828 [= LPGP 889]):

295 / 141,5 RoEaRed [B336], v. 17:

... ca u vou cuidar
en qual a vi e aver a guarir
u a non **veja** mia mort' é ...

¹⁹ Cf., ademais, *perça* na edición de Lopes da segunda cantiga (2002: 338). Entre as numerosísimas ocorrencias de *sén* no corpus profano, só rexistramos cinco casos con presenza do artigo precedendo o posesivo: 86.2 *Non tenh'eu que coitados son / d' amor (atal ést' o meu sén)* / aqueles que non an seu ben; 217.2 *Senhor fremosa, quant' eu cofondi / o vosso sén* e vós e voss' amor, / con sanha foi que ouve, mia señor; 231.7 *Fal' eu da sa bondade e do seu sén;* 1265.10 e *veed' ora qual é o meu sén:* / ... 1327.17 *quen dovidaria / que non tiredes gran prol e gran ben / quand' el souber que, pelo vosso sén, / el-rei de vós más d' outro bispo fia?*

Do mesmo xeito, no corpus aparece repetidamente a frase formularia *segundo meu sén* (415.29, 487.2, 943.4, 944.8, 1063.8, 1110.7, 1172.5, 1183.2, 1583.3). Pois ben, na finda da cantiga 415 de Paai Gomez Charinho o sintagma foi editado como ***segund' o meu sén*** por Cunha (1999: 142) e Monteagudo (1984: 368 [= LPGP 714])²⁰, desconsiderando a lección <*segundo meu*> de A:

415 / 114,6 PaaiGmzCha [A256], v. 29:

E [e]stas manhas, ***segundo*** meu sén,
que o mar á, á el-rei; e por én
se semelhan, quen o ben entender.

Noutra pasaxe que consideramos, *E se Deus ouv' o gran prazer*, de Afonso Lopez de Baian (Michaëlis 1994: 434 [= LPGP 90]), perante as leccións manuscritas <*ouuo*> A, <*ouue*> BV, debemos concluír que, seguindo o texto do Cancioneiro da Ajuda, como é habitual e xeralmente recomendábel, non debe segmentarse un artigo ausente en BV (vid. Lorenzo Gradín 2008: 101), feito que incide na cuestión estritamente morfolóxica, cal é a aparición da desinencia -o na P3 dos pretéritos fortes:

364 / 6,8 AfLpzBai [A225/B396/V6], v. 7:

E se Deus ***ouvo*** gran prazer
de me fazer coita levar,
que ben s'end' El soube guisar
u me fez tal dona veer,
que me fez filhar por s[enor],
e non lh' uso dizer "senhor".

Unha outra presenza desnecesaria do artigo é detectada en *ca non é jog' o de que omen chora*, derradeiro verso dunha finda de Afonso X, tanto na edición lapiana (Lapa 1970: 28 [= LPGP 145]) como nas dúas versións de Paredes (2001: 250 e 2010: 226); do punto de vista lingüístico-expresivo a presenza do artigo é anómala e inconveniente na construción relativa introducida por *de*:

484 / 18,13 Alf X [B486/V69], v. 31:

E ao Demo vou acomendar
prez deste mundo e armas e lidar,
ca non é ***jogo*** de que omen chora!".

E, aínda, por razóns estritamente lingüísticas, coidamos que no verso *ca ten comig[o] én tod'* ***a razon***, fixado na edición crítica do xograr Lourenço (cf. Tavani 1964: 140 [= LPGP 603] e Lopes 2002: 285), se debe ler *toda razon*, en liña coa edición de Lapa (1970: 408). A esta solución apunta o comportamento do indefinido *todo* co artigo, xa que a súa ausencia é xeral con determinados substantivos (*prol, ren, sazon, razon*), documentándose o mesmo sintagma en plural en Gonçal' Eanes do Vinhal (*todas razões*, 1417.8):

1443 / 88,11 Lour [V1033], v. 14:

desto se queixa mui mal o trobar,
ca ten comig[o] én ***toda*** razon.

Por outra parte, tamén se deben considerar absolutamente erradas do punto de vista lingüístico (e interpretativo) outras dúas segmentacións do artigo, efectuadas sobre as variantes alomórficas *-la*, *-lo* do determinante, que aparecen segmentadas como *l' a*, *l' o*. O primeiro caso aparece nunha cantiga de Joan Garcia de Guilhade a partir de Lapa (1970: 325 [= LPGP 445]), mais con edición correcta do artigo nos restantes editores (Nobiling 2007: 126, Domingues 1992: 72 e Lopes 2002: 216):

1518 / 70,16 JGarGuilh [B1499/V1109], v. 9:

se vo-***la*** besta mal selada andar,
guardade-a de xi vos derramar.

²⁰ A solución de Michaëlis (1990: 501) tampouco é acertada: *Estas manhas, segundo [é] meu sén*.

A segunda aparición deste erro segmentativo (*I' o*) localízase en Pero Mafaldo, a partir de Lapa (1970: 591), con prolongación en Spina (1983: 41 [= LPGP 866]) e mais en Lopes (2002: 433):

1533 / 131,6 PMaf [B1514], v. 15:

Ar pesará-vo-**lo** que vos disser
—este pesar é pesar con razon—,
ca manda el-rei que, se demandar don
o vilão ou se se chamar segrel
e jograria non souber fazer,
que Ihi non dé ome [o] seu aver,
mais que Ihi filhen todo quant' ouver.

Neste subapartado de desnecesarias segmentacións de formas do artigo, debemos tamén sinalar a incomprendible aparición do determinante que se produce en *que filhará outr' a entendedor* na edición crítica de Pero Amigo de Sevilha (cf. Marroni 1968: 272 [= LPGP 744]), que emenda a correcta lección de Nunes (1973: 312), tamén presente en Cohen (2003: 449):

1232 / 116,22 PAmigo [B1216/V821], v. 15:

O meu amigo non é trobador,
pero tan grand' é o ben que m' el quer
que filhará **outra** entendedor
e trobará, pois que Iho eu disser;
mais, amiga, per quen o saberá
que Iho eu mando ou quen Iho dira?

Para finalizar as cuestións referidas á segmentación do artigo, ainda queremos incidir nunha outra cuestión que di respecto ao encontro da preposición *en* co determinante, que pode presentar no galego-portugués diversos estadios evolutivos (*enno ~ eno ~ no*), a convivir por necesidades métricas no mesmo trobador e até na mesma composición.

O certo é que existen numerosos contextos no corpus profano onde sería posibel unha segmentación alternativa *eno(s)/a(s)* vs. *e no(s)/a(s)*, que é resolvida nos diversos editores con base nos propios textos, na articulación do contido semántico da cantiga ou na real representación de tal secuencia nos manuscritos. Verbo disto, por interviren razóns subxectivas, é fácil localizarmos diverxencias editoriais que din respecto a esta situación, que repetidamente se produce pola frecuencia das formas *no(s)/a(s)* precedidas de vocábulos acabados en *-e*, sen existir unanimidade nas leccións enviadas polos diferentes manuscritos: *que m' eno mundo faz viver assi* (193 / 125,47 PGarBu [A100/B207], v. 11 <m eno> A, <meno> B); *soub' eno mund'*, *e ben maravilhado* (277 / 79,11 JSrzCoe [A170/B321], v. 18 <soub eno> A, <soube no> B) etc. En calquera caso, tendo en conta a convivencia *eno ~ no* (e *enno*) na lingua trobadoresca, se non houber outros datos, a edición debe priorizar as formas transmitidas polos manuscritos. É por isto que semella necesario rectificar algunas decisións presentes nas edicións compiladas en 1996: nas seguintes pasaxes de Don Denis, Lang editou, respectivamente, *coid' e-no* e *d' e-no*, a partir das leccións manuscritas <coyde no> BV e <De no> B, <de no> V (LPGP 226), posteriormente con rectificación de Nunes (1972: 29 e 103):

514 / 25,106 Den [B516/V99], v. 19:

mais non con asperanza
*que sol **coide no** coraçon*
aver de vós por galardon
senon mal e viltança.

518 / 25,65 Den [B520/V103], v. 3:

Ora vej' eu ben, mia senhor,
que mi non ten nen ūa prol
***de no** coraçon cuidar sol*
de vós, senon que o peior
que mi vós poderdes fazer
faredes a vosso poder.

Tamén acontece algo similar nunha cantiga de Juião Bolseiro, con diverxencias nos diversos editores a respecto do encontro de *en* co artigo a partir das leccións <madre no> B, <madreno> V (cf. *madr'*, *en no*, Nunes 1973: 359 [= LPGP 582]; *madr'*, *eno*, Cohen 2003: 402). Neste caso, debe-ría priorizarse a lección de B, tal como Reali fai (1964: 29):

1185 / 85,14 JuBol [B1168/V774], v. 7:

Non faç' eu desgusido, mia **madre**, **no** cuidar,
ca non podia muito sen mí alhur morar,
mia madre, o meu amigo.

Noutros casos, o sentido do texto confirma a lección manuscrita (<ena> BV), de xeito que a segmentación da concuxión copulativa (*e na*), realizada por Nunes (1972: 342 [= LPGP 271]) e continuada por Arbor Aldea (2008: 25), é ben discutíbel na liña discursiva da composición nunha pasaxe de Estevan Perez Froián:

926 / 34,1 EstPeFro [B923/V511], v. 16:

E ja que vos no iferno falei,
senhor fremosa, **ena** coita d' aqui
que por vós ei, vedes quanto entend'i
e quanto dá, [a]quanto mui ben sei.

Porén, a cadea gráfica dos manuscritos non pode ser un principio absoluto a respecto do proceso segmentativo: os numerosísimos contextos do tipo *oje no ~ oje na* nos apógrafos itálianos presentan sempre unha lección deglutinada que contrasta cunha única atestación de <oeiu> B, <oieno> V na cantiga 368, que, aparentemente, esixiría *o' eno*, como editou Michaëlis (1990: 876 [= LPGP 670]). É por isto que a aglutinación neste único contexto parece produto dun acaso no proceso de copia:

368 / 3,4 = 101,9 MenRdzTen [B400/V10], v. 16:

A mui más fremosa de quantas son
oje no mund', aquesto sei eu ben,
quer' ir veer, ...

E aínda se poden localizar algunas deficiencias editoriais que introducen sen xustificación ecdótica as formas *eno ~ ena* a partir dunha leve intromisión na lección manuscrita. No primeiro caso, Michaëlis (1990: 886 [= LPGP 440]) edita *ous' ena*, con cambio do tempo verbal e uso da forma arcaica da aglutinación, que xa foi emendada por Nobiling (2007: 127) e Domingues (1992: 38):

394 / 70,5 JGarGuilh [B427/V39], v. 8:

Neguei-lho muito, e nunca lhi falar
ousei na coita que sofr' e no mal
per ela e, se me cedo non val,
eu ja oimais non lho posso negar,
ante lhe quero [a mia señor dizer
o por que posso guarir, ou morrer].

No segundo caso, Lang (1972: 33 [= LPGP 220]) fixa unha lección *cuid' e-no* tamén ausente dos manuscritos (<cuido no> BV), que foron correctamente interpretados por Nunes (1972: 116):

525 / 25,94 Den [B527/V110/T4], v. 2:

Que mui gran prazer que eu ei, senhor,
quand'en vós cuid' e non **cuido no** mal
que mi fazedes! ...

No entanto, para alén desta casuística, resulta interesante comprobar como a dialéctica *E* no vs. *Eno* é verdadeiramente importante na articulación discursiva dalgúns compostiños, sobre todo cando esta forma aparece en posición inicial de estrofa. Vexamos o que acontece en tres cantigas, entre outras posíbeis, do corpus trobadoresco.

Na primeira delas, do trobador Paaí Gomez Charinho, a compilación de 1996 recolle a edición que segmenta a convención copulativa no inicio da estrofa III, baseándose na edición de Monteagudo (1984: 367 [= LPGP 713]):

415 / 114,6 PaaíGmzCha [A256], v. 15:

Eno mar cabe quant'i quer caber
e mantén muitos, e outros y á
que x'ar quebranta e que faz morrer
enxerdados ...

Mais a ausencia de copulativa nas restantes estrofas²¹, xa que só a finda é iniciada pola convención (**E** [e]stas...), como é frecuente nas cantigas trobadorescas, fai preferible a manutenção de *Eno* para non anticipar o final conclusivo da composición, tal como deberon considerar Michaëlis (1990: 500), Cunha (1990: 141) e Lopes (2002: 332):

[**E**]no mar cabe quant'i quer caber,
e manten muitos; e outros i á
que x'ar quebranta e que faz morrer
enxerdados ...

Contrariamente, *Ena* non foi segmentado por Lapa no inicio da estrofa IV dunha cantiga de Estevan da Guarda (LPGP 255):

1340 / 30,18 EstGuar [B1323/V928-929], v. 22:

Ena coroa, que rapar queria,
leixa crecer a cient' o cabelo.

Porén, a existencia da copulativa no verso inicial das estrofas II e III e mais na finda aconsellan realizar a segmentación tamén nesta estrofa para manter unha certa simetría compositiva, tal como foi xa considerado por Pagani (1971: 157) e Lopes (2002: 518):

Ena coroa, que tapar queria,
leixa crecer a cient' o cabelo
e a vezes a cobre con capelo,
o que, ant', el mui d'anvidos faria.

Finalmente sinalamos o caso dunha cantiga de Pero da Ponte, en que nos semella aconcelábel unha diferente actuación editorial con esta secuencia en dúas estrofas consecutivas do texto 1640, onde coidamos que a copulativa debe iniciar só a estrofa III, fronte ao comezo con *Eno* na estrofa II. Polo contrario, todos os editores optaron nivelar o inicio das dúas estrofas: *Eno* en Lapa 1970: 511 [= LPGP 775] e Lopes 2002: 361; *Eno* en Panunzio 1992: 135 e Juárez Blanquer 1988: 220). Porén, aínda que non sexan argumentos definitivos, as leccións dos manuscritos suxiren a diversificación que propomos, xa que, fronte á lección <*E no*> de B nas dúas estrofas, en V rexistrase <*Eno*> na estrofa II e <*E no*> na estrofa III, de xeito que esta última estrofa mostraría o frecuente carácter conclusivo que as derradeiras cobras presentan decote nas cantigas trobadorescas:

1640 / 120,21 PPon [B1628/V1162]:

Marinha Crespa, sabedes filhar
eno paaço sempr'un tal logar
en que an todos mui ben a pensar
de vós; e por én diz o verv' antigo:
'A boi velho non lhi busques abrigo'.

Eno inverno sabedes prender
logar cabo do fogo ao comer,
ca non sabedes que x'á de seer

²¹ A súa aparición no inicio da estrofa IV, v. 22, na copia de A (**E da mansedume vos quero dizer*), que converte o verso en hipermétrico, moi probablemente sexa produto dunha confusión no proceso de copia en relación co inicio da finda, onde non aparece a necesaria copulativa.

de vós; e por én diz o verv' antigo:
"A boi [velho non lhi busques abrigo]".

E no abril, quando gran vento faz,
 o abrigo éste vosso solaz
 u fazedes come boi quando jaz
 eno bon prad'; e diz o verv' antigo:
"A boi velho [non lhi busques abrigo]".

E, para finalizarmos, traeremos aquí un exemplo en que se perciben claramente as diversas posibilidades editoriais que ofrece a diferente segmentación e/ou interpretación da secuencia <ena>. Véxase o texto da cantiga 1430, vv. 10-12, de Vasco Gil, tal como aparece na vulgata (Lapa 1970: 618 [= LPGP 957]; cf. *en'a* en Lopes 2002: 456):

1430 / 152,7 = 132,1 VaGil & Pero Martiiz [V1020], v. 11:

eno forniz[io] É Don Roí Gil,
 e Roí Martiiz **ena** falsidade,
 e ena escasseza é o seu priol.

Aínda que existen outras alternativas, en liña coa edición crítica de Vasco Gil (Piccat 1995: 279, coa reintegración *e[stá]* en lugar de *é[ste]* no v. 10), semella preferíbel unha outra segmentación que respecte a simetría dos vv. 10-12, a pesar da lección <ena> de V:

os que mal fazen e dizen son mil:
 eno forniz *é[ste]* Don Roi Gil
 e Roi Martiiz **é na** falsidade
 e ena escasseza é o seu priol.

No derradeiro apartado referido aos problemas relacionados coa segmentación do artigo, agrupamos unha serie de intervencións textuais que se caracterizan por modificar a lección ofrecida polos manuscritos, cando unha axeitada actuación editorial segmentativa pode evitar tal emenda²². Un primeiro problema relacionado co artigo e co posesivo aparece nunha cantiga de Fernan Velho, cuxa edición crítica (Lanciani 1977: 108 [= LPGP 337]) continúa o texto de Michaëlis (1990: 890):

424 / 50,8 FerVelh [B442/V54], v. 16:

E gram mesura Deus de me matar
 fará, pois **m[h]a** mort' en seu poder ten,
 ca El sabe que non ei d'atender
 se non gram mal, se viver.

O feito de nos apógrafois italianos se detectar por veces a presenza de <ma> en lugar de <mha> (sempr coa forma máis antiga nun dos manuscritos: 190.11, 197.9, 403.14, 404.1, 505.3 etc.) non é razón suficiente para a modificación da unánime lección <ma> no texto de Fernan Velho, pois non existe ningún problema sintáctico nin semántico (nin métrico) que impida segmentar a secuencia <ma> en *m'a*, de modo que transpareza a presenza do pronome *me* en crase coa forma feminina do artigo de *morte*:

E gran mesura Deus de me matar
 fara, pois **m'** **a** mort' en seu poder ten,
 ca El sabe que non ei d'atender
 senon gran mal se viver.

Nunha pasaxe de Estevan da Guarda détectase outro problema relacionado coa segmentación do artigo, a teor das coincidentes edicións de Lapa (1970: 184-185 [= LPGP 255]) e de Pagani (1971: 138) neste paso:

1333 / 30,19 EstGuar [B1316/V921], v. 19:

Tan crumente e tan mal
 diz que foi ferido enton,

²² Algúns dos problemas revisados neste apartado foron xa tratados en Ferreiro 2012.

que teedes i cajon,
s'el[e] d' esto non guarece;
e aqueste feit' é tal,
Martin Gil, tan desigual,
e já mui peior parece.

A forte intromisión editorial que se detecta no v. 19 (<E aqueñto feyto tal> B, <eaqsto ffeyto tal> V) pode ser anulada a través dunha segmentación alternativa e dunha diferente interpretación da secuencia manuscrita:

Tan crumente e tan mal
diz que foi ferido enton,
que teedes i cajon
s[e] el desto non guarece;
é aquest' o feito tal,
Martin Gil, tan desigual,
e ja mui peior parece.

Noutras ocasións, o texto criticamente fixado introduce formas do artigo ausentes nos manuscritos. Véxanse dúas pasaxes que contan coa edición de Manuel Rodrigues Lapa (1970: 124 e 255 [= LPGP 666 e 348]), seguida máis unha vez por Lopes (2002: 324 e 166):

1492 / 16,4 AiPrzVuit [B1472/V1083], v. 18:
—Mui gran mal fazedes en consentir
a est' **om'** o torto que mi fazia.

1546 / 56,5 GilPrzCo [B1527], v. 20:
Catad' o que mi foi fazer,
confiand' eu no seu amor!

O feito de que na lingua medieval *tonto* apareza xeralmente sen artigo (só o achamos co determinante en 545.6, 561.27, 665.2, 674.19, 790.14, 1145.10, 1361.8 e 1659.6) e que se atesten con frecuencia frases relativas con función de O. D. introducidas directamente por *que* (cf., por exemplo, *e direi-vos que vos por én farei*, 1052.16, *Filha, se gradoedes, / dizede que avedes*, 1268.1-2) coadxuva á manutención da lección dos manuscritos:

Mui gran mal fazedes en consentir
a est' **ome** torto que mi fazia.
catade que mi foi fazer,
confiand' eu no seu amor!

2. A SEGMENTACIÓN DOS CLÍTICOS *O*, *A*

A segmentación das formas pronominais de P3 en función de O. D. (tamén nalgúnha secuencia inicial, vid. *infra*), verdadeiro pronome identificador con función substantiva que coincide formalmente coas formas do artigo, pronome identificador en función adjetiva, funciona dun modo moi semellante á segmentación do artigo en secuencias finais. E ao igual que acontece co artigo, ao longo do corpus tamén existen algunas actuacións problemáticas con estas formas no que á segmentación din respecto.

O primeiro contexto que presenta dificultades aparece no sintagma *pouco parei*, así editado en Nunes (1973: 452) e Toriello (1976: 97 [= LPGP 278]):

1313 / 38,5 FerEsq [B1297/V901], v. 2:
O vos[s]' amigo trist' e sen razon
ví eu, amiga; muy **pouco** parey
e preguntey-o porque, e non sey
d'el se non tanto que me disse entom.

O contexto favorece a segmentación de *pouco* (xa presente en Cohen 2003: 529), considerando *parar* como verbo transitivo, máis acorde co sentido xeral da composición de Fernand' Esquio:

O vos[s]' amigo trist' e sen razon
vi eu, amiga; mui **pouc'** o parei
e preguntei-o por que, e non sei
del senon tanto que me disse enton.

Algo semellante acontece nunha cantiga de Martin Moxa, en que as edicións de Michaëlis (1990: 614) e de Stegagno Picchio (1968: 172 [= LPGP 621]) editan o verbo *fazer* sen O. D., talvez inducidas pola unidade gráfica <pero> de A (tamén en BV):

887 / 94,4 MartMo [A307/B895/V480], v. 6:

*mays pero faç' a poder,
contra mia desaventura
non val amar nen servir.*

Non obstante, segmentación de *pero* permite a aparición do (necesario) complemento directo para *fazer*:

Amor, non qued'eu amando,
nen quedo d'andar punhando
como podesse fazer
per que vossa graç' ouvesse,
ou a mia señor prougesse;
mais per' o faç', a poder,
contra mia desaventura
non val amar nen servir,
nen val razon nen mesura,
nen val calar nen pedir.

Tamén sintáctico é o problema levantado nunha pasaxe de Vaasco Fernandez, onde Michaëlis (1990: 5 [= LPGP 939]) fixa unha dubidosa perífrase verbal *poder + a + infinitivo*, non documentada no corpus e que non resolve satisfactoriamente o texto:

64 / 151,6 VaFdzSend [A1/B911], v. 10:

Ca mi-a faz aver tal molher
que nunca mi-á ren de fazer
per que eu **ja poss'** a perder.

Coidamos que, a pesar da unánime lección <ia> de AB, a solución asenta na segmentación do pronome en *j' a* (cf. exemplos de crases similares de *ja* en 25.3, 365.16, 689.2, 1588.20), coa manutención da integridade da forma verbal:

ca mi-a faz aver tal molher
que nunca mi-á ren de fazer
per que eu **j' a possa** perder.

Finalmente, neste apartado dedicado a estas formas pronominais, debemos pór en relevo o problema levantado en dúas cantigas de Pero Eanes Solaz. Na primeira delas, fronte á proposta, sen segmentación, do v. 16 (**nunca tan fremosa vi**, Reali 1966: 177 [= LPGP 752]; tamén en Michaëlis 1990: 561), parece máis conveniente, do punto de vista sintáctico-expresivo, marcar a presenza do pronome *a* no final de *nunca*²³:

1236 / 117,1 PEaSol [A283/B1220/V825], v. 16:

Mais quis Deus enton, e vi-a,
nunc' a tan fremosa vi:
eu das arenas la mirei,
[e des enton sempre penei].

²³ Tamén sería posíbel unha segmentación alternativa: *nunca tan fremos' a vi*.

A segunda das cantigas presenta un problema semellante, provocado pola ausencia de segmentación do mesmo pronomeno nos vv. 2 e 5 (*agora e penada*) en Reali (1966: 180-181 [= LPGP 753]) e en Nunes (1973: 212). Mais criteriosa é a lectura proposta, e xustificada, por Rip Cohen na súa edición do cancioneiro de amigo (vid. Cohen 2003: 285), que corrixe as anteriores versións deste texto:

825 / 117,2 PEaSol [B828/V414], vv. 2, 5:

Dizia la ben talhada:

"Agor' a viss' eu penada
ond' eu amor ei!".

A ben talhada dizia:

"Penad' a viss' eu un dia
ond' eu amor ei!".

Exactamente o mesmo problema se xera pola ausencia de segmentación do pronomeno nunha cantiga de Lopo, editada por Nunes (1972: 498 [= LPGP 587]):

1115 / 86,7 Lopo [B1113/V704], v. 18:

ca, se veer logo, tardi será
e por esto **nunca** ced' acharey.

Mais se se considera a forma pronominal (en referencia a *prol*), o sentido da composición fica completo:

E, mia senhor, por que me coitarei
de viir cedo, pois mi prol non á?
Ca, se veer logo, tardi sera
e por esto **nunc' a** ced' acharei,
ca, se un dia en meos meter
que vos non veja, log' ei de teer
que á mil dias que sen vós morei.

Ao longo do corpus tamén se localiza algunha segmentación desnecesaria. Así acontece nunha cantiga de Gil Perez Conde, onde a presenza do relativo *que*, con función de O. D., desaconsella a deglutinación dun novo complemento directo, a través dun hipotético pronomeno *o* no final do posesivo *vosso* (*voss' o*), fixado por Lapa no seu momento (1970: 241 [= LPGP 348]) e seguido por Lopes (2002: 153):

1534 / 56,6 GilPrzCo [B1515], v. 4:

Jograr, tres cousas avedes mester
pera cantar de que se paguen én:
doair' e voz e aprenderdes ben,
que de **vosso** non podedes aver
nen emprestado, nen end' o poder
non á de dar-vo-l' ome nen molher.

Finalmente, debemos traer aquí unha posibilidade segmentativa que pode resolver máis axeitadamente unha pasaxe problemática doutra cantiga de amor de Vaasco Fernandez. A edición da vulgata, tirada de Michaëlis (1990: 730 [= LPGP 940]), perante a lección manuscrita <ma-careo muito q'selle fazer> optou por considerar a presenza dun elemento espurio <*e*> apóis a convención concessiva:

61 / 151,8 VaFdzSend [B88], v. 12:

... nen sei og 'eu osmar
que lh'eu podesse dizer o pesar,
macar **o** **muito** quisesse fazer.

Mais parece preferíbel considerar a secuencia *<eo>* como produto dun erro *<o>/<u>* (isto é, *eu*), relativamente común sobre todo en B (vid. *<eo> eu* en 621.16; *<meo> meu* en 540.1, 553.3, 1186.6; *<seo> seu* en 1570.28), de xeito que, mantendo o suxeito *eu*, se deberá segmentar o necesario pronomo O. D. no final de *muito*:

Pero Deus sabe (a que se ren negar
non pode) que, macar mi-o faz fazer
que o non sábian, nen ar á o poder
de o saber, nen sei oj' eu osmar
que lh' eu podesse dizer o pesar,
macar **eu** **muit'** o quisesse fazer.

En derradeiro lugar, haberá ainda que considerar unha anómala segmentación de *atal* (<atal> A, <a tal> B) noutra cantiga de Vaasco Fernandez (Michaëlis 1990: 14 [= LPGP 941]):

68 / 151,9 VaFdzSend [A5/B95], v. 26:

Mais quen s'én ben guardar quiser',
guardese ben d(e) ir a logar
u veja o bon semelhar
da mia senhor, se lhe Deus der',
que **a tal** fez, end' o poder.

A opción editorial de Michaëlis leva consigo a presenza dun pronomo referido á *senhor*, convertendo *tal* en adxectivo. Mais outras pasaxes do corpus trobadoresco suxiren que se debe manter a integridade de *atal* (cf. *por esta moiro, que Deus atal fez* (195 / 125,3 PGarBu [A102/B209-210], v. 12 <atal> AB):

Mais quen s'én ben guardar quiser
guardese ben de ir a logar
u veja o bon semelhar
da mia senhor, se lhe Deus der,
que **atal** fez, end' o poder,
ca, se o vir, log'á d'aver
mui gran cuita sen neun ben.

O mesmo que ocorre co artigo, tamén a segmentación dunha destas formas pronominais pode evitar unhainxustificada intromisión editorial no proceso interpretativo das leccións achegadas polos manuscritos. O primeiro caso que queremos tratar presenta unha lectura problemática, que inclúe unha forma inédita no corpus trobadoresco galego-portugués derivada dunha decisión segmentativa discutíbel, compartida por Michaëlis (*que'-no oir'*, 1990: 779), Lapa (*quen n'ouir*, 1970: 448), Vallín (1995: 111 [= LPGP 640]) e Lopes (*quen o oir*, 2002: 322), que acrecentan un O. D. ausente do manuscrito:

115 / 97,2 & 115,1 MartSrz & PaiSrzTav [B144], v. 7:

pero será-nos grave de fazer
ca el non sabe cantar nen dizer
ren per que se pague d'el quen-o **ouir**.

Como o propio Lapa recoñece, a lección de B (<ñno uir>) permite (e suxire) unha lectura alternativa *quen o vir* (presente en Bertolucci 1992: 49), que evita a aparición dun hapax (*ouir*) nas cantigas profanas e introduce o verbo *veer* que en diversas pasaxes trobadorescas significa 'ouvir, ver ouvindo':

pero sera-nos grave de fazer,
ca el non sabe cantar nen dizer
ren per que se pague del quen **o vir**.

Un problema de diferente teor é o que aparece na lectura de Simões (1991: 39 [= LPGP 760]) para o v. 19 da cantiga 624 de D. Pedro de Portugal, coincidente co texto previamente editado en Nunes (1972: 208):

624 / 118,8 PedPort [B608/V210], v. 19:

polos que dizem que an mal d'amor,
que com **verdade** nom poden dizer,
porque cuydand'i tomam gram prazer,
o que a mim nunca pode chegar.

A lección dos manuscritos (<uerdado> B, <u'dade> V) obriga a reconsiderar a edición desta pasaxe, en que a lección de B é superior á de V. É posíbel, neste xeito, segmentar unha forma pronominal na lección do Cancioneiro da Biblioteca Nacional, recuperando, interpolado, o necesario complemento de *dizer*:

E pois eu nunca d' outra ren sabor
poss' atender pera me conortar,
mui ben posso con verdade jurar,
polos que dizen que an mal d'amor,
que con **verdad'o** non poden dizer
porque cuidand'i toman gran prazer,
o que a min nunca pode chegar.

Por outra parte, en Pero da Ponte xorde unha problemática cuestión, que tamén afecta ao pronomine, derivada da interpretación da secuencia manuscrita <xo amou> BV como unha hipotética forma *xamou* nas edicións de Panunzio (1992: 123 [= LPGP 786]) e de Juárez Blanquer (1988: 152), que parecen continuar a lectura *chamou* de Michaëlis (1990: 903) a través dunha inédita e extraordinaria grafía <x> para /f/:

991 / 120,42 PPon [B988/V576], v. 22:

E a don Telo Deus **xamou**
pera ssy, e x' o quis levar.

Panunzio e Juárez Blanquer tentan explicar a grafía <x> por <ch> procurando relacións con grafías similares en textos leoneses; porén, a africada palatal xorda só modernamente evoluió en portugués para unha fricativa palatal. Neste sentido, parecen subxacer preconceptos lusitanizantes na decisión editorial comentada: a interpretación obvia pasa por manter a lección manuscrita como *xo amou* (cunha sinalefa), coa habitual crase do pron. xe co O. D., que reaparece no verso seguinte:

E a don Telo Deus **xo amou**
pera sí, e xo quis levar.

Finalmente, nunha cantiga de Baian debemos problematizar o aparecemento, por segmentación, dun pronomine a partir da proposta editorial de Lapa (1970: 95 [= LPGP 90]):

1488 / 6,7 AfLpzBai [B1469/V1079], v. 21:

—Do que dizedes non soo pagado,
ca me non podedes tanto coitar
que eu, tan pastor, quisesse casar;
mais casarei **quand'o vir** guisado.

É obvio que a lección dos manuscritos (<quādouuer> B, <quandouuer> V) esixe a lectura *quand' ouver* (cf. *quand[o] ouver*, Lorenzo Gradín 2008: 158, con restauración vocálica por non conceder valor bisilábico a *mais*), de xeito que transpareza a expresión *aver guisado*, que é utilizada repetidamente nas cantigas sen O. D. (ou rexendo prep. *de*), a diferenza da posterior lectura de Lopes (2002: 107, *quand'[o] houver*), que insiste en segmentar unha forma pronominal:

Do que dizedes non soo pagado,
ca me non podedes tanto coitar
que eu, tan pastor, quisesse casar;
mais casarei **quand' ouver** guisado.

3. A PREPOSICIÓN A E OS CONDICIONAMENTOS LINGÜÍSTICOS DO TEXTO

Nesta liña de revisión das secuencias finais en *-a* en relación coa eventual segmentación de novas unidades lingüísticas, detéctanse algúns problemas que afectan á preposición *a*²⁴. Un primeiro grupo de textos levanta cuestiós similares ás xa comentadas coas formas *atal* e *atanto*, porque novamente existen edicións en que o elemento inicial é deglutinado de modo que levaría a considerar unha secuencia de prep. *a* + indef. *tal* en contextos en que non é posíbel tal construcción. Así segmenta Michaëlis (1999: 649 [= LPGP 705]) a secuencia <*atal*> de B nunha pasaxe de Osoiro Anes:

12 / 111,4 OsoAn [B39], v. 4:

Pois ela nunca soub' amar,
a **tal** senhor que vus direi!

Mais xa os posteriores editores (Miranda 2004: 155, Cohen 2010: 20-21, Marcenaro 2012: 76) rexeitaren a segmentación dunha prep. *a* con O. D., uso estranxo na lingua medieval e, moi especialmente, no corpus lírico profano:

Eu, que nova senhor filhei,
mal me soube d' afan guardar,
pois ela nunca soub' amar
atal senhor que vos direi.

Véxase tamén o texto crítico dunha cantiga de Bernal de Bonaval (Indini 1978: 127 [= LPGP 168]), que rectifica a lectura *atal* de Nunes (1972: 429) a partir de <*atal*> BV:

1072 / 22,12 BernBon [B1070/V661], v. 15:

Se eu foss' **a tal** senhor ben querer
con que podesse na terra morar.

A autora da edición crítica do trobador compostelán efectúa esa segmentación (*a tal*) nun contexto que tamén solicita a forma *atal* para, de novo, evitar a prep. *a* co complemento directo:

Se eu foss' **atal** senhor ben querer
con que podesse na terra morar
ou a que ousasse mia coita dizer,
log' eu podera meu mal endurar.

Por outra parte, rexístrase outra discutíbel segmentación de *atal* no sintagma *atal sazon*, complemento adverbial de tempo nunha cantiga de Joan Baveca, editada por Nunes (1973: 402), Zilli (1977: 125 [= LPGP 413]) e Cohen (2003: 466):

1247 / 64,6 JBav [B1231/V836], v. 8:

Ca n'outro dia chegastes aqui
a tal sazon que ouv'én tal pavor
que, por seer d' este mundo senhor,
non quisera que vêessesedies hi.

Para alén das leccións manuscritas <*Atal*> B, <*atal*> V, en tales expresiós temporais non é utilizada a prep. *a*, como mostran as seguintes pasaxes: *Tal sazon* foi en que eu ja perdi / quanto ben ouv'... (626 / 118,9 PedPort [B610/V212], v. 1); *Amig' ouv' eu a que queria ben, / tal sazon* foi (689 / 75,2 JPrzAv [B674/V276], v. 2); *Tal sazon* foi que me tev'en desden / quando me más forçava seu amor (984 / 120,3 PPon [A291/B982/V569] = [B394/V4], v. 19). É por isto que a mellor opción editorial reside na manutención da variante *atal*:

²⁴ Deixaremos fóra da análise aqueles contextos en que a prep. *a* pode (e debe) ser segmentada cando forma parte de perífrases en que a súa presenza semella aconsellábel (*dever, aver, cuidar ~ coñadar + a + infinitivo*). Cf. *de quanto vos devi' a amar* (60,14), *nen o cuido nunc' a prender* (74,17). *Esto tiv' eu que m'avi' a valer* (269,8), por citar só algúns exemplos, entre moitos, en que os editores non segmentan a preposición.

Ca noutro dia chegastes aqui
atal sazon que ouv' én tal pavor
que, por seer deste mundo senhor,
non quisera que veessesedes i.

En paralelo a *tal* ~ *atal*, tamén aparece con moita frecuencia o par *tan* ~ *atan*, cuxa segunda forma é tamén susceptíbel de ser segmentada. Isto é o que aconteceu na cantiga de Joan, recompilada en 1996 (LPGP 371) a partir do texto de Gonçalves / Ramos (1983: 314):

1119 / 62,2 Joan [B1117/V708], v. 19:
e outrossi donas e scudeiros,
matar se deviam com sas mãos
por que perderom a **tan** bôo senhor.

Mais, como é de regra, só moi raramente o O. D. na lingua trobadoresca é introducido pola prep. *a*, de modo que a manutención da forma íntegra da lección manuscrita <*atā*> de BV resulta máis correcta lingüisticamente:

Os caval[e]iros e cidadãos,
que deste rei avian dinheiros,
e outrossi donas e 'scudeiros,
matar-se devían con sas mãos
porque perderon **atan** bôo senhor.

Algo semellante aos problemas de *atal*, *atan* e *atanto* acontece con *quanto*, forma reforzada de *quanto*, que nalgunhas ocasións aparece incomprendibelmente segmentada, de modo que se fai difícil interpretar morfoloxicamente a secuencia resultante. Na primeira pasaxe localizada (<*a quanteu*> A, <*aquáteu*> B), Bertolucci (1992: 93 [= LPGP 647]) segmenta *quanto* (con seguimento mecánico de A), fronte á histórica edición michaëliana (Michaëlis 1990: 109):

138 / 97,14 MartSrz [A51/B163], v. 17:
E quen sse fez de min conselleador
que viss' o vosso mui bon parecer,
a quant' eu posso de vos entender,
de mha mort' ouve e de meu mal sabor.

Nunha cantiga de Pero Garcia Burgales só na edición crítica de Blasco (1984: 73 [= LPGP 814]) aparece tal segmentación, face a Michaëlis (1990: 180) e Marcenaro (2012: 140). De novo, a grafía de A (vid. <*coida quant e*> A, <*cuydo quante*> B) convida a unha segmentación certamente problemática:

174 / 125,7 PGarBu [A84/B188^a], v. 22:
E ben coid', **a quant'** é meu connoñer,
que pois fosse u a podesse veer,
que ren do meu nen do seu non dissesse.

Nun texto de Afonso Sanchez son varios os editores que tamén segmentan *quanto* (Lapa 1970: 110 [= LPGP 101], Arbor Aldea 2001: 267), fronte a Lopes (2002: 470) e Longo (2003: 159), a pesar da lección dos manuscritos (<*Aquáteu*> B, <*aquáteu*> V):

779 / 9,1 AfSchz [B782/V366], v. 4:
...; en esto fazedes,
a quant' eu cuido, mui mao recado.

Por súa parte, na edición do cancioneiro de Joan Baveca, Zilli (1977: 130 [= LPGP 417]) introduce a mesma segmentación, face a Nunes (1973: 404) e Cohen (2003: 467):

1248 / 64,14 JBav [B1232/V837], v. 9:
... e el, des que me vyu,
[a] quanto pôd' e soube, me servyu.

Finalmente, todos os editores de Pero da Ponte realizan tan problemática deglutinación a partir das leccións <a / Quanta> B, <a / quanta> V (Lapa 1970: 547 [= LPGP 766], Panunzio 1992: 202, Juárez Blanquer 1988: 205, Lopes 2002: 386):

1666 / 120,4 PPon [B1654/V1188], v. 14:

e a cachaça non á mester,
pois que se non cozer [ouver]
a quanta lenha no mund'á.

A existencia das variantes reforzadas de *tal*, *tan* etc. esixe a corrección de todas as segmentacións efectuadas en múltiplas edicións, antigas ou recentes, coa forma *aquanto* nestas cantigas:

E quen se fez de min conselhador
que viiss' o vosso mui bon parecer,
aquant' eu posso de vós entender,
de mia mort' ouv', e de meu mal, sabor.

E ben coid', **aquant'** é meu conhocer,
que pois fosse u a podesse veer,
que ren do meu nen do seu non dissesse.

...; en [e]sto fazedes,
aquant' eu cuido, mui mao recado.

ca non pode guarir se per min non,
ca o am'eu, e el, des que me viu,
[a]quanto pôd'e soube me serviu.

e a cachaça non á mester,
pois que se non cozer [poder],
aquanta lenha no mund'á.

De teor diferente son, de novo, as desnecesarias e incorrectas construcións de O. D. con prep. *a*, que foron introducidas por todos os editores, sen excepción, en textos de Fernan Rodriguez de Calheiros (Michaëlis 1990: 697 [= LPGP 317]) e de Joan Garcia de Guilhade, respectivamente (Michaëlis 1990: 450, Nobiling 2007: 71 [= LPGP 462], Domingues 1992: 27):

42 / 47,11 FerRdzCalth [B68], v. 20:

Ed Amor **nunc'** a ome leal vi,
e vejo eu muitos queixar con mi.

388 / 70,49 JGarGlh [A231/B421/V33], v. 11:

ca perdí o lume por en,
por que non **vej'** a quen me deu
esta coita que oj' eu ey.

En liña coas observacións anteriores, a segmentación da preposición en *nunca* (<núca> B) e en *veja* (cf. <ueia> A, <nega> BV) debe ser anulada, de acordo cos usos sintácticos na lingua trobadoresca galego-portuguesa:

e d'Amor **nunca** ome leal vi,
e vejo eu muitos queixar come mí.

ca perdi o lume por én,
por que non **veja** quen me deu
esta coita que oj' eu ei.

Así mesmo, podemos considerar errada a expresión *receei a ver*, en Fernan Velho, fixada na edición crítica de Fernan Velho (Lanciani 1977: 55 [= LPGP 337-338]), fronte a Michaëlis (1990: 506), sen dúbida condicionada pola existencia de *receei a veer* en Don Denis (499.2):

417 / 50,9 FerVelh [A258/B435/V47], v. 2:

Quant' eu de vós, mha senhor, receey
a ver, de-lo dia en que vus vi,
 dizen-mh-ora que mh-o aguis' assy
 nostro Senhor como m' eu receey: / ...

A inexistencia da forma evoluída *ver* (< med. *veer* < *VIDERE*) no corpus trobadoresco e a maioritaria construcción de *recean* con infinitivo en función de O. D., sen preposición (cf. 355.3 *ca receei saberen-mi-o más d' al;* 417.1 *Quant' eu de vós, mia senhor, receei / aver de-lo dia en que vos vi* vs. 499.2 *Quant' eu, tremosa mia senhor, / de vós receei a veer, / muit' er sei que non ei poder / de m' agora guardar que non / veja*), aconsella unha prudente manutención de *aver* sen deglutinación (cf. <*reçeei*. *auer*> A, <*receey* / *auer*> BV), porque non levanta ningún problema interpretativo na cantiga:

Quant' eu de vós, mia senhor, receei
aver de-lo dia en que vos vi,
 dizen-mi ora que mi-o aguis' assi
 Nostro Senhor como m' eu receei:
de vos casaren, mais sei ūa ren,
se assi for: que morrerei por én.

E áinda, finalmente, tamén relacionada coas construcións verbais perifrásicas, aparece unha interpretación textual discutíbel na cantiga 499 de Don Denis (Lang 1972: 16 [= LPGP 218], Nunes 1972: 68), onde a repetición da palabra-rima nos versos 5-6 de cada estrofa non é perceptíbel nas edicións dionisinas:

499 / 25,90 Den [B501/V84], v. 6:

... mais tal confort' ei
 que aquel **dia morrerei**
 e perderei coitas d' amor.

Porén, nesta pasaxe a segmentación da prep. *a* na secuencia <*dia*> permite a emerxencia da xeral perífrase *aver + a + infinitivo e*, ao mesmo tempo, posibilita a repetición da palabra rimante tamén nesta primeira estrofa. Así, fronte a *aquel dia morrerei*, sen problemas semánticos mais con ruptura do sistema métrico, coidamos preferíbel unha outra lectura do texto que manteña o artificio das rimas no sexto verso de cada estrofa:

Quant' eu, tremosa mia senhor,
 de vós receei a veer,
 muit' er sei que non ei poder
 de m' agora guardar que non
 veja; mais tal confort' ei
 que aquel **di' a morrer ei**
 e perderei coitas d' amor.

E, como quer que eu maior
 pesar non podesse veer
 do que enton verei, prazer
 ei ende, se Deus mi perdon,
 porque por morte perderei
 aquel dia coita que **ei**,
 qual nunca fez Nostro Senhor.

E, pero ei tan gran pavor
 daquel dia grave veer
 qual vos sol non posso dizer,

confort' ei no meu coraçon
porque por morte sairei
aquel dia do mal que **ei**,
peior dos que Deus fez peior.

4. A FORMA VERBAL Á COMO NECESSARIA PRESENZA DE AVER

Igual que ocorre coas segmentacións das formas do artigo, do pronomé identificador e da preposición *a*, tamén nalgúns pasaxes trobadorescas xorden problemas relacionados coa forma verbal *á*, doadamente segmentábel no final de numerosas voces galego-portuguesas.

Un grupo inicial de observacións parte da reinterpretación das secuencias manuscritas a través dunha segmentación de *á*, necesaria para un mellor desenvolvemento discursivo dos textos. O primeiro caso achámolo no incipit dunha cantiga de Paai Gomez Charinho, onde, pola ausencia do verbo, habería que considerar unha concordancia *ad sensum* que ligaría o inicio *Úa dona* ao verbo *direi* (cf. Nunes 1972: 244, Cunha 1999: 106, Monteagudo 1984: 351 [= LPGP 724]):

806 / 114,25 PaaiGmzCha [B810/V394], v. 1:

Hunha **dona** que eu quero gran ben
por mal de mi, par Deus, que non por al,
pero que sempre mi fez e faz mal
e fará, dirévo-lo que m'avén: / ...

Sendo posíbel este tipo de construcións na lingua trobadoresca, coidamos máis acaída a segmentación de *dona*, que elimina a incoherencia sintáctica e que permite fixar con clareza a sintaxe da estrofa por medio da puntuación:

Úa **don' á** que eu quero gran ben
por mal de mí, par Deus, que non por al;
pero que sempre mi fez e faz mal
e fará, direi-vo-lo que m'aven:
mar nen terra, nen prazer nen pesar,
nen ben nen mal, non ma poden quitar / ...

Unha segunda cuestión en relación á segmentación de *á* ten consecuencias de tipo morfo-sintáctico, porque a versión lapiana de Joan Baveca fixa un texto coa convención *coma* con valor causal —só documentada, sempre con valor comparativo, en 186.19 e 772.10— (Lapa 1970: 289 [= LPGP 414]; cf. *como* en Lopes 2002: 197):

1472 / 64,7 JBav [B1453/V1063], v. 15:

Pero, **coma** mui gran gente á seer,
muitas veces vos an a derrobar.

Porén, unha segmentación alternativa, xa presente na edición crítica do trobador (Zilli 1977: 142), restaura a normalidade lingüístico-expresiva, porque, de novo, establece, como é habitual, a perifrase *aver + a + infinitivo (á a seer)*, tamén presente no verso seguinte:

Pero, **com'** á mui gran gente a seer,
muitas vezes vos an a derrobar.

Outra secuencia en que podemos considerar a forma verbal *á* é na lectura proposta para o v. 3 da cantiga 1173 de Roi Martíñ do Casal editada por Nunes (1973: 514 [= LPGP 906]) e por Macchi (1966: 20):

1173 / 145,6 Roi MrzCa [B1160/V763], v. 3:

Ca tan ben **está** ja do meu amor
que nunca jamays o pode perder.

O sentido da estrofa encamiña para ver na secuencia <esta> de BV a suma do demostrativo e do verbo *aver* (en contraste semántico con *perder* no v. 4), preferíbel á forma de *estar*, talvez condicionada nos editores pola aparición deste mesmo verbo no primeiro verso do refrán:

Que muito ben fez Deus a mia senhor
se por ben ten de lh' eu gran ben querer,
ca tan ben **est'** á ja do meu amor
que nunca ja más o pode perder;
mais, se eu dela esteves[sl' assi,
mui maior ben faria Deus a min.

De diferente teor é o problema que levanta outra pasaxe en que o texto tradicionalmente fixado polos editores (Lapa 1970: 226 [= LPGP 331], Lopes 2002: 144), sendo perfectamente admisíbel do punto de vista semántico, presenta unha forma *acerca*, nunca documentada no corpus trobadoresco profano nin nas *Cantigas de Santa María*, e moi raramente rexistrado noutro tipo de textos (vid. TMILG, s.v. *acerca*):

1572 / 49,1 FerSrQuinh [B1553], v. 30:

Máis valria que amor d' un meu parente,
que mora, muit' **acerca** de Leone.

Tal como nos aparece a secuencia manuscrita <muyta cerca>, unha edición diferente da tradicional mantén o sentido e desbota un novo hapax no corpus poético trobadoresco:

Máis valria que amor d' un meu parente,
que mora, muit' **á, cerca** de Leone.

Outrosí, convén revisar a opción editorial (condicionada pola hipometría da lección manuscrita) para a secuencia <Muytusa> B, <muytusa> V nunha cantiga de Pero Amigo de Sevilha, cuxo texto tradicional se debe a Lapa (1970: 462) e Marroni (1968: 300-301 [= LPGP 738]), aínda que a última edición das cantigas satíricas realizada por Lopes (2002: 339) presenta xa unha lectura diferente (*muit' usa[da]*):

1670 / 116,10 PAmigo [B1658/V1192], v. 18:

Da capa velh', Elvyra, mi pesou,
por que non é já pera cas del-rey
a capa velh', Elvyra, que eu sey
muytus a[nos] que contigo ficou
ca, pera corte, sey que non val ren
a capa velh', Elvyra, que já ten
pouco cabelo, tan muito ss' usou.

A alusión ao uso no v. 14 (*con as más usadas no cabeçon*), xunto cos problemas sintácticos levantados pola reconstrución de Lapa e Marroni e, en fin, a economía editorial²⁵ aconsellan unha segmentación que considere a presenza da forma verbal *á*:

Da capa velh' Elvira, mi pesou
porque non é ja pera cas d' el-rei
a capa velh' Elvira, que eu sei
muit' us' á [a] que contigo ficou,
ca pera corte sei que non val ren
a capa velh' Elvira, que ja ten
pouco cabelo, tan muito s' usou.

Por outra parte, existen algúns pasos onde nos parece preferíbel evitar segmentacións pouco pertinentes. Coidamos que isto acontece nunha cantiga de Nuno Fernández Torneol, onde a edición de Michaëlis (1990: 163 [= LPGP 691]) isolou unha forma verbal *á* (suxerida pola lección <|est a> de A) no final da forma feminina do demostrativo a formar perífrase temporal con *durar*:

²⁵ Nótese, ademais, que, a diferenza de V, nesta sección do Cancioneiro da Biblioteca Nacional o copista de B non utiliza <-us> nas terminacións -os.

166 / 106,17 NuFdzTor [A77/B180^a], v. 21:

máis a Deus rogarei por én
que me dé cedo d'ela ben,
ou morte, se m' **est'** á durar.

No entanto, o sentido xeral da cantiga (se continúa a coita o trobador prefire a morte) indica que se debe manter o demostrativo *esta*, referido á *coita* (v. 2), co verbo en futuro de subxuntivo, como corresponde a unha oración condicional co verbo principal en futuro:

Pois Deus, que mi-a fez muit' amar,
non quer, nen o meu coraçon,
máis a Deus rogarei por én
que me dé cedo dela ben,
ou morte, se m' **esta** durar.

A edición de referencia dos textos dionisinos na compilación de 1996 (Lang 1972: 48 [= LPGP 189]) reflecte tamén unha segmentación discutíbel. Lang, condicionado pola errada lectura de <Que mhe> B e <que me> V como *quem* é, introduciu a forma verbal *a* (= á) no final de *coita*:

547 / 25,27 Den [B530/V133], v. 7:

mais que gran **coit'** a de sofrer
quem é coitado pecador!

Resulta obvio, como xa Nunes (1972: 160) considerou (dando preferencia á lección *m'* é de V), que a edición correcta debe manter a integridade de *coita*:

o mal, ca o ben sabedor
sôo que o non ei d' aver;
mais que gran **coita** de sofrer
que mi é, coitado pecador.

Finalmente, convén revisar algúns contextos en que tradicionalmente aparecen emendas editoriais que se poden evitar cunha segmentación da forma verbal á. Tal acontece nun escenario atribuído a Joan Fernandez Ardeleiro (Lapa 1970: 308 [= LPGP 664]):

1346 / 68,3 JFdzArd [B1329/V935], v. 10:

E foi-s'el morar a França
e desemparou sa terra,
ca non quis con el-Rei guerra;
mais á coita de sa madre,
por que ficou a seu padre
del no coraçon a lança.

O confronto do texto crítico coa coincidente lección transmitida polos apógrafos italianos (<Mays lacoya> B, <mays la coyta> V) revela que é posíbel manter a literalidade dos manuscritos cunha segmentación alternativa que permita realizar unha edición más apurada da pasaxe, considerando a existencia de dous elementos en <coyta>: o substantivo *coita* e a P3 de presente de *aver*²⁶:

E foi-s'el morar a França
e desemparou sa terra,
ca non quis con el-Rei guerra;
mais-la coit' á de sa madre,
porque ficou a seu padre
del no coraçon a lança.

Na coñecida cantiga de Esgaravunha pertencente ao ciclo das amas achamos tamén un contexto en que todos os editores modifigan a lección <muya> do Cancioneiro da Biblioteca

²⁶ A interpretación de Lopes (2002: 542) é diferente: *mais lá coit' há de sa madre*.

Nacional. Así o fai a versión lapiana (Lapa 1970: 210) e mais as posteriores (Spampinato Beretta 1987: 141-142 [= LPGP 291], Lopes 2002: 141):

1530 / 43,4 FerGarEsg [B1511], v. 12:

ant' é oje das molheres preçadas
que nós sabemos en nosso logar,
ca lava ben e faz bôas queijadas
e sabe ben moer e amassar
e sabe **muito** de bôa leiteira.

Porén, nada hai que impida considerar na forma <muyta> de B a frecuente frase adverbial *muit' á* (cf. *supra* o comentado no texto 1572), tamén condicente co desenvolvemento conceptual da cantiga:

ant' é oje das molheres preçadas
que nós sabemos en nosso logar,
ca lava ben e faz bôas queijadas
e sabe ben moer e amassar
e sabe, **muit' á**, de bôa leiteira.

Un problema segmentativo moi similar aparece nunha cantiga de Pero Viviaeza (tamén atribuída a Caldeiron), onde, de novo, a lección dos manuscritos (<|aguda> B, <|agud9> V) permite unha lectura diferente da proposta por todos os editores (Lapa 1970: 595 [= LPGP 174], Vatteroni 1988: 163, Lopes 2002: 481):

1631 / 24,2 PViviaeza [B1619/V1152], v. 5:

rostr'**agudo** come foron,
barva no queix' e no granhon,
o ventre grand' e inchado.

Para alén do erro na lección de V, o <aguda> de B permite e esixe unha segmentación de á que convén perfectamente á sintaxe (e á semántica) da pasaxe:

Úa donzela coitado
d'amor por si me faz andar,
e en sas feituras falar
quero eu come namorado:
rostr'**agud'** á come foron,
barva no queix' e no granhon,
o ventre grand' e inchado.

Para finalizar co capítulo da forma verbal á queremos aínda aludir a outro contexto de D. Dennis en que habitualmente se practica unha corrección por medio da segmentación desta forma verbal. Eis a versión de Lang (1972: 81 [= LPGP 209]), continuada por Nunes (1973: 27) e Cohen (2003: 610):

592 / 25,68 Den [B574/V178], v. 9:

El andava trist' e mui sem sabor,
come quem é tam coitado d'amor,
e **perdud'** a o sem e a color.

No entanto, coidamos que non é precisa tal segmentación en <perduto> B, <pdudo> V, porque facilmente se pode considerar elíptico o verbo, como acontece noutras moitas pasaxes trobadorescas:

El andava trist' e mui sen sabor,
come quen é tan coitado d'amor,
e **perduto** o sén e a color.

5. O ELEMENTO <A> COMO PREFIXO

A derradeira cuestión verbo da segmentación de <a> no corpus das cantigas trobadorescas profanas pode verse en certos contextos que permiten lecturas diferentes no que di respecto a voces, nomeadamente verbos, que admiten, xeralmente sen variación semántica, unha segunda forma alternativa, de grande rendibilidade métrica, con *a*- protético ou prefixal (cf. *mostrar* ~ *amostrar*, *guitar* ~ *aguitar* etc.).

Con esta perspectiva, consideramos que en certas pasaxes se deben fixar formas con este reforzo fonético por diferentes razóns. O primeiro caso analizado fai referencia ao verbo *mostrar* na cantiga 35 de Fernan Rodriguez de Calheiros, conforme a edición de D. Carolina Michaëlis de Vasconcelos (1990: 686 [= LPGP 323]):

35 / 47,21 FerRdzCalh [B61], v. 12:

Mais foi me vus el **a mostrar** enton,
e guarda-me vus ora, quando non
me sei, sen vos, conselh', ergo morrer!

Porén, a rareza sintáctica que supón a construción de *ir + a + infinitivo* aconsella fixar a forma *amostrar* (<|anoltrar> B), lexitimada neste caso tamén pola previa convivencia de *mostrar* (vv. 10, 11 e 19) e *amostrar* (v. 18) no seo desta mesma composición:

Mais foi-me-vos El **amostrar** enton,
e guarda-me-vos ora, quando non
me sei, sen vós, conselh', ergo morrer!

Similar cuestión se verifica para *guitar* ~ *aguitar* na lectura *está guisado* (1471 / 66,3 JGai [B1452/V1062], v. 4), que todos os editores propuxeron a partir das leccións <esta gládo> B, <esta grisado> V (Lapa 1970: 304 [= LPGP 429], Stegagno Picchio 1979: 109, Lopes 2002: 534). Aínda que *está guisado* é admisíbel semanticamente, debe ser considerada a construcción *seer + aguisado*: *O jantar ést' aguisado e, por Deus, amigo, trei-nos.* Esta opción é confirmada polo uso sistemático de *seer guisado* (e pola inexistencia de *estar guisado*) no corpus trobadoresco e nas *Cantigas de Santa María* (vid. Ferreiro 2008: 60).

Así mesmo, razóns lingüísticas aconsellan modificar as leccións tradicionais en dous contextos que presentan o verbo *volver*. No primeiro deles (*vejo a volver guerra*), o texto fixado por Lapa (1970: 415) e Stegagno Picchio (1968: 101 [= LPGP 627]), seguido en Lopes (2002: 291), implicaría unha construcción *veer + a + infinitivo*, por un seguimento mecánico da lección <a voluer> de BV:

878 / 94,13 MartMo [B887/V471], v. 4:

e cada parte vejo **a volver** guerra
e fazer mal con mengoa de justiça.

Máis unha vez, a inexistencia no corpus profano de tal fórmula ou de infinitivos xerundiais na sincronía lingüística trobadoresca permite e fai recomendábel anular tal interpretación e fixar, en paralelo a *fazer* (v. 5), unha forma *avolver* ('provocar, desencadear...' cf. Lapa 1970: s.v. *volver*; vid. tamén Lorenzo 1974, s.v. *avolver*). Deste xeito, *avolver* emerge como variante formal de *volver*, en liña con outras moitas concorrencias lexicais deste tipo:

Per como achamos na Santa 'Scritura,
o Antecristo ora seera na terra,
ca se non guarda tregoa nen postura,
e cada parte vejo **avolver** guerra
e fazer mal con mengua de justiça.

Por outra parte, nunha cantiga de Joan Baveca, tanto *u s' a lide á volver*, procedente da versión lapiana (Lapa 1970: 289 [= LPGP 414]) e reiterada en Lopes (2002: 197), como *hu ss' á lide a volver* (Zilli 1977: 142), non parecen lecturas correctas: a función de *se non* é clara e, ademais,

faltaría a preposición habitual nestas perifrases de *aver* con infinitivo, no primeiro caso, e o artigo de *lide*, no segundo:

1472 / 64,7 JBav [B1453/V1063], v. 8:

E ali logo, u s' a lide á **olver**,
verran-vos d'eles deante colpar.

Cunha proposta editorial diferente, muda a sintaxe ao considerar *avolver* (<auolu'> BV) como forma de futuro de subxuntivo na oración introducida por *u*, ficando o texto perfectamente claro do punto de vista sintáctico e semántico:

E ali logo, u **sa** lide **avolver**,
verran-vos deles deante colpar;
des i os outros, por vos non errar,
ar querran-vos por alhur cometer.

Aínda situacións similares se producen noutras pasaxes trobadorescas. Nunha cantiga de Pero da Ponte, a lección dos cancioneiros italianos permitiría, certamente, lecturas diversas: <Ca nona vi a nulhome a parar> B, <ca nona ui anulho me a parar> V. Eis a interpretación de Lapa (1970: 545 [= LPGP 773]):

1665 / 120,17 PPon [B1653/V1187], v. 10:

Endôado, ben poderá aver
Peixota quen a quisesse filhar,
ca non **avia** nulh' ome **a parar**.

A opción do editor portugués pola perifrase *aver + a + infinitivo* deixa a frase sen o necesario O. D. para o sentido completo do verso. É por isto que semella preferíbel, tal como xa fixeron Panunzio (1992: 198) e Lopes (2002: 385)²⁷, ter en conta o isolamento gráfico de <vi>/<ui> para o considerar P1 do pretérito de *veer*; deste xeito, podemos segmentar o O. D. na secuencia <nona> e fixar a forma verbal *aparar*, variante de *parar*, xa atestada en Afons' Eanes do Coton (*per vós, que me Deus aparou*, 1589.18):

Endôado, ben podrá aver
Peixota quen a quisesse filhar,
ca non **a vi a** nulh' ome **aparar**.

Nunha cantiga de Guilhade prodúcese a situación contraria. Na edición de Nobiling, de referencia na compilación de 1996 (2007: 96 [= LPGP 450-451]), aparece un inédito verbo *alevar* a partir da lección transmitida polos manuscritos para o refrán (<a leuado> / <aleua de> / <alena-do> / <aleua> e <mh a leuo> B, <aleuado> / <aleua do> / <aleua> / <aleua> e <mha leuo> V):

769 / 70,26 JGarGuilh [B752/V355], r1-2:

alevad' o parecer da voda,
per bôa fe, eu mh-**alevo** toda.

A pesar da existencia, se non houber erro de edición, de un rexistro de *alevar* nun documento de 1370 (*herdade que jaz a sub eles ante o rio e aleuada por tal pleyto e condiçon*, vid. TMILG, s.v.)²⁸, temos por certo que a interpretación do refrán guilhadiano debe ser moi diferente á establecida polo editor xermano-brasileiro. Así, parece prudente postular a presenza no verso do substantivo *leva* 'acto de levar ou conseguir; premio, vitoria' (atestado en 381.11), tal como os posteriores editores consideraron sen excepción (Nunes 1973: 168-169, Domingues 1992: 51, Cohen 2003: 242):

a leva do parecer da voda,
per boa fe, eu **mi-a levo** toda.

²⁷ A lectura de Juárez Blanquer (1988: 210) é certamente estraña: *ca non aví a nulh' om(e) a parar*.

²⁸ Si vemos erro noutra documentación do TMILG, onde no texto "Et deveedes ende **alevar** o vino per vosa custa ao Moesteyro" percibimos unha deficiente segmentación, de xeito que debemos interpretar a presenza da perifrase verbal *devedes...* *a levar* (vid. TMILG, s.v. *alevar*).

Finalmente, neste caso facendo referencia as formas *viir ~ viīr* vs. *aviir ~ aviīr*, de orixe común mais diferente contido semántico, semella obvio que se debe propor unha lectura alternativa á de Stegagno Pichio (1968: 153 [= LPGP 624]) nunha pasaxe de Martin Moxa:

896 / 94,7 MartMo [A304], v. 8:

ante cuid'eu que me venha
peor do que m' **or' aven**.

O constante uso das rimas derivativas ao longo da cantiga obriga a unha segmentación diferente no derradeiro verso desta primeira estrofa, tal como xa Michaëlis fixera en 1904 (1990: 608), seguindo, por outra parte, a lección <mora uen> de A:

[C]ativo, mal **conselhado**,
que me non sei **conselhar**
e sempre viv' en **cuidado**,
pero non posso **cuidar**
cousa que me proe **tenha**
contra quen m' en coita **ten**;
ante cuid' eu que me **venha**
peor do que m' ora **ven**.

Para finalizar coa secuencia <a>, queremos comentar áinda unha última pasaxe que mostra a tendencia ao apagamento da variación lingüístico-expresiva mediante leves emendas que inciden nun proceso de nivelación editorial empobrecedora e desfiguradora da variación medieval. Nunha cantiga de Joan Servando, a versión tradicional de Nunes (1973: 339) é modificada na compilación de 1996 (LPGP 508) para acoller a proposta lapiana (Lapa 1982: 184), tamén seguida por Cohen (2002: 377):

1153 / 77,22 JServ [B1149^{bis}/V742], v. 9:

E pero **me guardan** que [eu] o non vea,
esto non pode seer per ren que seja: / ...

Porén, a lección <maguardā> de BV non permite dúbidas: coa segmentación axeitada estamos perante a variante *aguardar'gardar*, protexer, defender' que convive, xunto con *gardar*, coa maioritaria *guardar* nos textos do trovadorismo profano:

E pero **m' aguardan** que o [eu] non vea,
esto non pode seer per ren que seja:
poden-m' agora [guardar,
mais non me partirán de o amar].

6. CONCLUSIÓN

O estudo das cadeas gráficas dos manuscritos e a revisión textual das cantigas trovadorescas profanas desde a perspectiva da segmentación revelase como unha operaciónecdótica fundamental para o establecemento dun texto fiável e correcto. A revisión segmentativa realizada ao longo deste estudo permite tirar unhas conclusións iniciais, necesariamente provisorias, por canto o presente contributo forma parte dun traballo máis amplio que favorecerá resultados más definitivos. Porén, a partir do exame dos problemas levantados pola delimitación do artigo *o*, *a* e mais da preposición *a* pódese afirmar que a segmentación destes elementos é tarefa especialmente problemática nos textos transmitidos polos apógrafo italiani, onde as cadeas gráficas non delimitan estas unidades, a diferenza do que en xeral acontece no Cancioneiro da Ajuda. Polo contrario, no que se refire á segmentación das formas pronominais *o*, *a* e mais da forma verbal á todos os manuscritos que transmitiron a lírica galego-portuguesa se comportan dun modo esencialmente unitario, pois só moi esporadicamente se percibe disociación gráfica destes elementos.

De todos os modos, a segmentación destas (e doutras) unidades lingüísticas nas cadeas gráficas dos cancioneiros revélase como un problema fundamentalmente de interpretación, onde a corrección idiomática e a semántica, para além de factores poético-literarios, deben ser a guía en tal proceso editorial; ao mesmo tempo, esta perspectiva permite rever con ollos críticos múltiplas emendas que historicamente contribuíron ao apagamento da variación lingüístico-expresiva nos textos trobadorescos, nun proceso de nivelación editorial empobrecedora e desfiguradora da variación medieval.

En calquera caso, a realidade editorial (de)mostra que, para além dun demorado estudo paleográfico dos diversos manuscritos, é ainda necesaria unha profunda revisión interpretativo-editorial do corpus poético galego-portugués, para, sendo conscientes das diversas posibilidades de lectura e das variadas alternativas interpretativas, dispormos dun texto crítico que responda fielmente ao que os manuscritos legaron e nós continuamos a ler e interpretar.

APÉNDICE. ÍNDICE DE AUTORES E TEXTOS EXAMINADOS

- Afons' Eanes do Coton "Foi Don Fagundo ū dia convidar" (1590 / 2,12)
 Afonso Lopez de Baian "O meu Senhor [Deus] me guisou" (364 / 6,8)
 Afonso Lopez de Baian "Oi d' Alvelo que era casado" (1488 / 6,7)
 Afonso Sanchez "Afons' Afonses, batiçar queredes" (779 / 9,1)
 Afonso X "Don Foan, quand'ogano aqui chegou" (484 / 18,13)
 Afonso X "Fui eu poer a mão noutro di-" (482 / 18,20)
 Airas Perez Vuitoron "A lealdade dá Bezerra que pela Beira muito anda" (1497 / 16,1)
 Airas Perez Vuitoron "Don Estevā[o] achei noutro dia" (1492 / 16,4)
 Bernal de Bonaval "Pero vejo donas ben parecer" (1072 / 22,12)
 Denis "Ai fals' amig' e sen lealdade" (612 / 25,1)
 Denis "Como me Deus aguisou que vivesse" (501 / 25,23)
 Denis "De mi vós fazerdes, senhor" (547 / 25,27)
 Denis "Non sei como me salva mia senhor" (527 / 25,53)
 Denis "O voss' amig', amiga, vi andar" (592 / 25,68)
 Denis "Ora vej' eu ben, mia senhor" (518 / 25,65)
 Denis "Praz-mi a mí, senhor, de morrer" (495 / 25,84)
 Denis "Quant'eu, fremosa mia senhor" (499 / 25,90)
 Denis "Que mui gran prazer que eu ei, senhor" (525 / 25,94)
 Denis "Sempr' eu, mia senhor, desejei" (514 / 25,106)
 Estevan da Guarda "Dizen, senhor, que un vosso parente" (1336 / 30,10)
 Estevan da Guarda "Ja Martin Vaasquez da estrologia" (1340 / 30,18)
 Estevan da Guarda "Martin Gil, un omen vil" (1333 / 30,19)
 Estevan Perez Froian "Senhor, se o outro mundo pas[s]jar" (926 / 34,1)
 Fernan Garcia Esgaravunha "Esta ama cuj' é Joan Coelho" (1530 / 43,4)
 Fernan Garcia Esgaravunha "Pero d' Ambroa, averedes pesar" (1533 / 131,6)
 Fernan Rodriguez de Calheiros "Ja m'eu quisera leixar de trobar" (42 / 47,11)
 Fernan Rodriguez de Calheiros "Par Deus, senhor, mui mal me per-matou" (35 / 47,21)
 Fernan Rodriguez de Calheiros "Par Deus, senhor, ora tenh' eu guisado" (33 / 47,22)
 Fernan Soarez de Quinhones "Ai amor, amore de Pero Cantone" (1572 / 49,1)
 Fernan Velho "A maior coita que eu vi sofrer" (419 / 50,1)
 Fernan Velho "Por mal de mí me fez Deus tant' amar" (424 / 50,8)
 Fernan Velho "Quant'eu de vós, mia senhor, receei" (417 / 50,9)
 Fernand' Esquio "O vos[s]' amigo trist' e sen razon" (1313 / 38,5)
 Gil Perez Conde "Ja eu non ei por quen trobar" (1546 / 56,5)
 Gil Perez Conde "Jograr, tres cousas avedes mester" (1534 / 56,6)
 Joan "Os namorados que troban d'amor" (1119 / 62,2)
 Joan Airas "Ir-vos queredes e non ei poder" (1052 / 63,32)
 Joan Baveca "Amigo, vós non queredes catar" (1247 / 64,6)

- Joan Baveca "Bernal Fendudo, quero-vos dizer" (1472 / 64,7)
 Joan Baveca "Madr', o que sei que mi quer mui gran ben" (1248 / 64,14)
 Joan Baveca "Ora veerei, amiga, que fara" (1249 / 64,19)
 Joan Garcia de Guilhade "A mia senhor ja lh' eu muito neguei" (394 / 70,5)
 Joan Garcia de Guilhade "Dona Ouroana, pois ja besta avedes" (1518 / 70,16)
 Joan Garcia de Guilhade "Fostes, amig', oje vencer" (769 / 70,26)
 Joan Garcia de Guilhade "Per boa fe, meu amigo" (772 / 70,39)
 Joan Garcia de Guilhade "U m' eu parti d' u m' eu parti" (388 / 70,49)
 Joan Servando "Trist' and' eu, velida, e ben vo-lo digo" (1153 / 77,22)
 Joan Soarez Coelho "Meus amigos, que sabor averia" (267 / 79,37)
 Joan Zorro "Pela ribeira do rio salido" (1170 / 83,9)
 Juião Bolseiro "Nas barcas novas foi-s' o meu amigo d' aqui" (1185 / 85,14)
 Lopo "Par Deus, senhor, muit' aguisad[o] ei" (1115 / 86,7)
 Lourenço "Pedr' Amigo duas sobervias faz" (1443 / 88,11)
 Martin Moxa "Amor, non qued' eu amando" (887 / 94,4)
 Martin Moxa "[C]ativo, mal conselhado" (896 / 94,7)
 Martin Moxa "Per como achamos na Santa 'Scritura" (878 / 94,13)
 Martin Soarez "– Paai Soarez, venho-vos rogar" (115 / 97,2 & 115,1)
 Martin Soarez "Mal conselhado que fui, mia senhor" (138 / 97,14)
 Martin Soarez "Nostro Senhor, com' eu ando coitado" (1376 / 97,22)
 Meen Rodriguez de Briteiros "Pero Coelho é deitado" (1346 / 68,3)
 Meen Rodriguez Tenorio "Quer' eu agora ja meu coração" (368 / 3,4 = 101,9)
 Nuno Fernandez Torneol "Que ben que m' eu sei encobrir" (166 / 106,17)
 Osoir' Anes "E por que me desamades" (14 / 111,3)
 Osoir' Anes "Eu, que nova senhor filhei" (12 / 111,4)
 Paai Gomez Charinho "De quantas couosas eno mundo son" (415 / 114,6)
 Paai Gomez Charinho "Úa don' á que eu quero gran ben" (806 / 114,25)
 Pedr' Amigo de Sevilha "– Par Deus, amiga, podedes saber" (1232 / 116,22)
 Pedr' Amigo de Sevilha "Coitado vivo más de quantos son" (1097 / 116,5)
 Pedr' Amigo de Sevilha "Elvir', a capa velha dest' aqui" (1670 / 116,10)
 Pedr' Amigo de Sevilha "Meus amigos, tan desaventurado" (1605 / 116,16)
 Pedr' Eanes Solaz "A que vi ontr' as amenas" (1236 / 117,1)
 Pedr' Eanes Solaz "Dizia la ben-talhada" (825 / 117,2)
 Pedro de Portugal "Que muito ben me fez Nostro Senhor" (624 / 118,8)
 Pero da Ponte "Aos mouros que aqui son" (1666 / 120,4)
 Pero da Ponte "Eu ben me cuidava que er' avoleza" (1642 / 120,15)
 Pero da Ponte "Eu en Toledo sempr' ouço dizer" (1665 / 120,17)
 Pero da Ponte "Marinha Crespa, sabedes filhar" (1640 / 120,21)
 Pero da Ponte "Que mal s' este mundo guisou" (991 / 120,42)
 Pero Garcia Burgales "Cuidava-m' eu que amigos avia" (174 / 125,7)
 Pero Garcia Burgales "Ora vej' eu que fiz mui gran folia" (198 / 125,32)
 Pero Garcia Burgales "Pero me vós, donzela, mal queredes" (1391 / 125,34)
 Pero Garcia Burgales "Senhor fremosa, venho-vos dizer" (190 / 125,51)
 Pero Mafaldo "– Senhor, por vós e polo vosso ben" (333 / 131,8)
 Pero Mafaldo "Vej' eu as gentes andar revolvendo" (336 / 131,9)
 Pero Viviaeza "Úa donzela coitado" (1631 / 24,2)
 Rodrig' Eanes d' Alvares "Ai amiga, tenh' eu por de bon sén" (977 / 139,1)
 Rodrig' Eanes Redondo "Deus ora faz que eu viver aqui" (295 / 141,5)
 Roi Martíñ do Casal "Que muito ben fez Deus a mia senhor" (1173 / 145,6)
 Roi Paez de Ribela "Un dia que vi mia senhor" (302 / 147,19)
 Vaasco Fernandez Praga de Sandin "Deus, meu Senhor, se vos prouguer" (64 / 151,6)
 Vaasco Fernandez Praga de Sandin "Muitos teen oje por meu trobar" (61 / 151,8)
 Vaasco Fernandez Praga de Sandin "Ome que gran ben quer molher" (68 / 151,9)

- Vaasco Fernandez Praga de Sandin "Quando vos eu, meu amig' e meu ben" (652 / 151,18)
 Vaasco Gil & Pero Martiiz "– Pero Martiiz, ora, por caridade" (1430 / 152,7 = 132,1)
 Vaasco Rodriguez de Calvelo "[S]enhor, eu vivo muit' a meu pesar" (893 / 155,12)
 Vaasco Rodriguez de Calvelo "Vivo coitad' en tal coita d'amor" (997 / 155,13)

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

1. Manuscritos

- A = *Cancioneiro da Ajuda. Edição Facsimilada do códice existente na Biblioteca da Ajuda*. Lisboa: Edições Távola Redonda, 1994.
- B = *Cancioneiro da Biblioteca Nacional (Colocci-Brançuti)*. Cód. 10991. Lisboa: Biblioteca Nacional / Imprensa Nacional - Casa da Moeda, 1982.
- T = Sharrer, Harvey L. (1991): "Fragmento de Sete *Cantigas d'Amor* de D. Dinis, Musicadas – uma Descoberta", en *Actas do IV Congresso da Associação Hispânica de Literatura Medieval*, vol. I. Lisboa: Edições Cosmos, 13-29.
- V = *Cancioneiro Português da Biblioteca Vaticana (Cod. 4803)*. Lisboa: Centro de Estudos Filológicos / Instituto de Alta Cultura, 1973.

2. Ediciones e estudos

- Arbor Aldea, Mariña (2001): *O cancioneiro de don Afonso Sanchez. Edición e estudio*. Santiago de Compostela: USC.
- Arbor Aldea, Mariña (2008): "Estevan Perez, merino maor por el Infante don Sancho en terra de Leon e de Asturias... Edición e anotación da súa cantiga Senhor, se o outro mundo pasar (B 923, V 511)", *Revista Galega de Filoloxía* 9, 11-42.
- Barbieri, Mario (1980): "Le poesie di Roy Paez de Rabela", *Studi Mediolatini e Volgari* XXVII, 7-104.
- Beltrán, Vicente (1993): "L'infant Pere, Cerverí de Girona i Pero Mafaldo", *Studi Mediolatini e Volgari* XXXIX, 9-31.
- Bertolucci Pizzorusso, Valeria (1992 [1963]): *As poesías de Martin Soares*. Vigo: Galaxia.
- Blasco, Pierre (1984): *Les chansons de Pero Garcia Burgalés*. Paris: Fondation Calouste Gulbenkian - Centre Culturel Portugais.
- CdP = Davies, Mark / Michael J. Ferreira, *Corpus do Português: 45 million words, 1300s-1900s*. <http://www.corpusdoportugues.org>.
- Cohen, Rip (2003): *500 Cantigas d'Amigo*. Edición crítica / Critical edition. Porto: Campo das Letras.
- Cohen, Rip (2010): "Three Early Galician-Portuguese Poets: Airas Moniz d'Asme, Diego Moniz, Osoir' Anes. A Critical Edition", *Revista Galega de Filoloxía* 11, 11-59.
- Cunha, Celso Ferreira da (1999 [1945]): "O Cancioneiro de Paay Gómez Charinho. Trovador do século XIII", en Elsa Gonçalves (ed.), *Cancioneiros dos Trovadores do Mar*. Lisboa: Imprensa Nacional - Casa da Moeda, 33-147.
- Cunha, Celso Ferreira da (1999 [1949]): "Cancioneiro de Joan Zorro. Aspectos lingüísticos. Texto crítico. Glossário", en Elsa Gonçalves (ed.), *Cancioneiros dos Trovadores do Mar*. Lisboa: Imprensa Nacional - Casa da Moeda, 161-296.
- D'Heur, Jean Marie (1975): *Recherches internes sur la lyrique amoureuse des troubadours galicien-portugais (XII^e-XIV^e siècle): contribution à l'étude du "corpus des troubadours"*. Liège: Université de Liège.
- Domingues, Agostinho (1992): *Cantigas de João Garcia de Guilhade. Subsídios para o seu estudo linguístico e literário*. Braga: Editorial Franciscana (Edição da Câmara M. de Barcelos).
- Ferrari, Anna (1979): "Formazione e struttura del canzoniere portoghese della Biblioteca Nazionale di Lisbona (cod. 10991: Colocci-Brançuti). Premesse codicológiche alla critica del testo (Materiali e note problematiche)", *Arquivos do Centro Cultural Português XIV*, 27-142.
- Ferreiro, Manuel (2007): "Sobre a edição dos textos trovadorescos galego-portugueses. Novamente Meendinho", *Critica del Testo X/2*, 47-67.
- Ferreiro, Manuel (2008): "A forma verbal éste na lírica profana galego-portuguesa", *Revista Galega de Filoloxía* 9, 57-78.
- Ferreiro, Manuel (2010): "Sobre o proxecto *Glosario Crítico da Lírica Profana Galego-Portuguesa*", en Mercedes Brea / Santiago López Martínez-Morás (eds.), *Aproximación ao estudo do Vocabulario trobadoresco*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 239-252.

- Ferreiro, Manuel (2012): "Do manuscrito á edición: consideracións sobre a segmentación textual na poesía profana galego-portuguesa", en Lorenzo Gradín, Pilar / Simone Marcenaro (eds.), *El texto medieval. De la edición a la interpretación*. Santiago de Compostela: USC (Anexo 68 de Verba), 135-158.
- Ferreiro, Manuel (no prelo): "Lección manuscrita e crítica do texto: en torno á segmentación das cadeas gráficas na poesía profana galego-portuguesa, *Revista de Literatura Medieval*.
- Ferreiro, Manuel / Carlos P. Martínez Pereiro / Laura Tato Fontañá (2007): *Normas de edición para a poesía trovadoresca galego-portuguesa / Guidelines for the Edition of Medieval Galician-Portuguese Troubadour Poetry*. A Coruña: UDC.
- Finazzi-Agrò, Ettore (1979): *Il Canzoniere di Johan Mendiz de Brityeros*. L'Aquila: Japadre Editore.
- Gonçalves, Elsa (1991): *Poesia de Rei: Três Notas Dionisinas*. Lisboa: Edições Cosmos.
- Gonçalves, Elsa / Maria Ana Ramos (1983): *A lírica galego-portuguesa (Textos Escolhidos)*. Lisboa: Comunicação.
- Indini, Maria Luisa (ed.) (1978): *Bernal de Bonaval, Poesie*. Bari: Adriatica Editrice.
- Juárez Blanquer (1988): *Cancionero de Pero da Ponte*. Granada: Ediciones TAT.
- Lanciani, Giulia (1977): *Il canzoniere di Fernan Velho. Edizione critica, con introduzione, note e glossario*. L'Aquila: Japadre Editore.
- Lang, Henry R. (1972 [1894]): *Das Liederbuch des Königs Denis von Portugal*. Hildesheim - New York: Georg Olms Verlag (Ed. facsimilar).
- Lapa, Manuel Rodrigues (1970 [1965]): *Cantigas d'Escarnho e de Mal Dizer dos Cancioneiros Medievais Galego-Portugueses*. Vigo: Galaxia.
- Lapa, Manuel Rodrigues (1982): "O texto das cantigas d'amigo", en *Miscelânea de Língua e Literatura Portuguesa Medieval*. Coimbra: Coimbra Editora, 141-195.
- Locus Criticus. Crítica textual en rede* [en liña]. X. Bieito Arias Freixedo / Alexandre Rodríguez Guerra (eds.): Vigo: Universidade de Vigo 2009. <https://webs.uvigo.es/locuscriticus/>
- Longo, Nicoletta (ed.) (2003): Dom Afonso Sanchez, *Le poesie. Edizione critica, introduzione, note e glossario*. Roma: Bagatto Libri.
- Lopes, Graça Videira (2002): *Cantigas de Escárnio e Maldizer dos Trovadores e Jograis Galego-Portugueses*. Lisboa: Estampa.
- Lorenzo Gradín, Pilar (ed.) (2008): *Don Afonso Lopez de Baian, Cantigas*. Alessandria: Edizioni dell'Orso.
- Lorenzo, Ramón (1974): *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla*. Vol. II: *Glosario*. Ourense: Instituto de Estudios Orensanos "Padre Feijoo".
- LPGP = Brea, Mercedes (coord.) (1996): *Lírica profana galego-portuguesa*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Macchi, Giuliano (1966): "Le poesie di Roy Martinz do Casal", *Cultura Neolatina* XXVI, 129-157.
- Marcenaro, Simone (ed.) (2012): *Pero Garcia Burgales. Canzoniere. Poesie d'amore, d'amico e di scherzo*. Alessandria: Edizione dell'Orso.
- Marcenaro, Simone (ed.) (2012): *Osoiro Anes. Cantigas. Edizione critica, traduzione, note e glossario*. Roma: Carocci.
- Marroni, Giovanna (1968): "Le poesie di Pedr' Amigo de Sevilha", *Annali dell'Istituto Universitario Orientale* X, 189-340.
- Mettmann, Walter (1972): *Cantigas de Santa Maria*. Vol. IV: *Glossário*. Coimbra: Universidade.
- Michaëlis de Vasconcellos, Carolina (1990 [1904]): *Cancionero da Ajuda*, Lisboa: Imprensa Nacional - Casa da Moeda, 1990 (reimpressão da edição de Halle).
- Miranda, José Carlos (2004): *Aurs mesclatz ab argen. Sobre a primeira geração de trovadores galego-portugueses*. Porto: Edições Guarecer.
- Monteagudo Romero, Enrique (1984): "Apéndice I. Textos e notas", en Armando Cotarelo Valledor (1934), *Cancionero de Payo Gómez Chariño, almirante y poeta (siglo XIII)*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia (Ed. facsimilar), 305-381.
- Montero Santalla, José-Martín (2000): *As Rimas da Poesia Trovadoresca Galego-Portuguesa: Catálogo e Análise*, Tese de Doutoramento (inédita), Universidade da Coruña.
- Nobiling, Oskar (2007 [1907]): *As cantigas de D. Joan Garcia de Guilhade e estudos dispersos*. Ed. organizada por Yara Frateschi Vieira. Niterói-RJ: EdUFF.
- Nunes, José Joaquim (1972 [1932]): *Cantigas de Amor dos Trovadores Galego-Portugueses*. Lisboa: Centro do Livro Brasileiro.

- Nunes, José Joaquim (1973 [1928]): *Cantigas de Amigo dos Trovadores Galego-Portugueses*. Lisboa: Centro do Livro Brasileiro.
- Pagani, Walter (1971): "Il Canzoniere di Estevan da Guarda", *Studi Mediolatini e Volgari* XIX, 53-179.
- Panunzio, Saverio (ed.) (1992 [1967]): Pero da Ponte, *Poesías*. Vigo: Galaxia.
- Paredes, Juan (2001): *El cancionero profano de Alfonso X el Sabio. Edición crítica con introducción, notas y glosario*. Roma: Japadre Editore.
- Paredes, Juan (2010): *El cancionero profano de Alfonso X el Sabio. Edición crítica con introducción, notas y glosario*. Santiago de Compostela: USC (Anexo 66 de Verba).
- Piccat, Marco (1995): *Il canzoniere di Don Vasco Gil*. Bari: Adriatica Editrice.
- Ramos, Maria Ana (1988): "Tradições gráficas nos manuscritos da lírica galego-portuguesa", en Dieter Kremer (ed.), *Actes du XVIII^{ème} Congrès International de Linguistique et de Philologie Romanes*, vol. VI. Tübingen: Max Niemeyer Verlag, 37-48.
- Ramos, Maria Ana (2005): "Letras perfeytas? Grafias entre manuscritos e impressos", en Patrizia Botta (ed.), *Filologia dei Testi a Stampa (área ibérica)*. Modena: Mucchi Editore, 381-405.
- Reali, Erilde (1962): "Il Canzoniere di Pedro Eanes Solaz", *Annali dell'Istituto Universitario Orientale* IV, 167-195.
- Reali, Erilde (1964): *Le "cantigas" di Juyão Bolseyro*. Napoli: s. l.
- Rodríguez, José Luís (1980): *El cancionero de Joan Airas de Santiago. Edición y estudio*. Santiago de Compostela: USC (Anexo 12 de Verba).
- Simões, Manuel (1991): *Il Canzoniere di D. Pedro, conte di Barcelos*. L'Aquila: Japadre Editore.
- Spampinato Beretta, Margherita (ed.) (1987): Fernan Garcia Esgaravunha, *Canzoniere*. Napoli: Liguori Editore.
- Spina, Segismundo (1983): *As cantigas de Pero Malho*. Rio de Janeiro / Fortaleza: Tempo Brasileiro / Universidade Federal do Ceará.
- Stegagno Picchio, Luciana (ed.) (1968): Martin Moya, *Le poesie*. Roma: Edizioni dell'Ateneo.
- Stegagno Picchio, Luciana (1979): *A Lição do Texto. Filologia e Literatura. I - Idade Média*. Lisboa: Edições 70.
- Tavani, Giovanni (ed.) (1964): Lourenço, *Poesie e tenzioni. Edizione, introduzione e note*. Modena: Società Tipografica Editrice modenese.
- Tavani, Giovanni (1967): *Repertorio metrico della lirica galego-portoghese*. Roma: Edizioni dell'Ateneo.
- TMILG = Varela Barreiro, X. (dir.): *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. <http://ilg.usc.es/tmilg>.
- Toriello, Fernanda (ed.) (1976): Fernand' Esquyo, *Le poesie*. Bari: Adriatica Editrice.
- Vallín, Gema (1995): *Las cantigas de Pay Soarez de Taveirós. Estudio histórico y edición*. Barcelona: Facultad de Letras - Universidad Autónoma de Barcelona.
- Vatteroni, Sergio (1988): "Appunti sul testo delle due cantigas di Caldeyron", *Studi Mediolatini e Volgari* XXXIV, 155-181.
- Zilli, Carmelo (ed.) (1977): Johan Baveca, *Poesie*. Bari: Adriatica Editrice.

